- 117** Establecementos de acuicultura mariña

Os programas regulan as actuacións vencelladas cos obxectivos do plan, agrupadas en:

- Operacións estatísticas (OE), executadas e difundidas de acordo cun proxecto técnico no que participa unha administración galega nalguna fase previa á difusión. Pódense programar como novas ou correntes. Coas primeiras búscase comprobar a viabilidade do proxecto (implantación) ou modifícalo (reestruturación). A programación das correntes depende de quen deseñe orixinariamente o proceso estatístico, unha administración galega (curso) ou outra (cumprimento).
- Actividades estatísticas (AE), executadas para difundir resultados que amplíen a oferta informativa sobre Galicia. A esixencia de achegarmos datos novos foi introducida no plan vixente e supón que algunhas que se clasificaban nesta categoría agora se programen como de interese estatístico (recompilación, investigación, nomenclaturas...), ou se trasladen ao plan anual de actuación previsto no Estatuto do IGE (coordinación, divulgación, formación...). A EPA

2. PROGRAMACIÓN E SEGUIMENTO

programábase como operación, pois o IGE recolle a metade da mostra de Galicia, e os seus módulos como actividades, por se executar coa mesma metodoloxía. Na EEF emprégase o mesmo criterio.

- Actividades de interese estatístico (AIE), para cumprir os obxectivos instrumentais e de calidade do plan e desenvolver as súas liñas de actuación salientables.
- Liñas de actuación salientables (LAS), para a aumentar o valor da información dispoñible, afondando nas análises demográfica, social, cultural, económica e territorial.

INDICADORES DE SEGUIMENTO

A partir desta tipoloxía úsanse dous procedementos para comprobar resultados: cuantitativo nas operacións e actividades estatísticas e cualitativo no resto. En cada unha das do primeiro grupo valóranse execución, calendario e oportunidade.

A execución das operacións mídese comprobando os resultados en cada fase, desde a recolla de datos ata a difusión nas introducidas en implantación, curso ou cumprimento, e segundo o estado de revisión dos proxectos nas que se reestruturan. A execución das actividades estatísticas mídese en función dos obxectivos concretos recollidos no anexo III do decreto de programa e con criterios análogos aos empregados nas operacións.

O indicador de calendario sobre puntualidade calcúlase nas operacións correntes e nas actividades estatísticas. Sen considerarmos as difundidas en varias datas nin os indicadores que se actualizan segundo o permiten as fontes primarias, compróbase a publicación no soporte e data previstos, polo que é compatible unha execución completa cun cumprimento nulo do calendario. Este resultado dáse cando se elaboran os datos, pero non se difunden, ou se difunden con retraso (máis de dous meses nas estatísticas anuais e fóra do mes previsto nas de periodicidade inferior).

O indicador de oportunidade complementa ao de puntualidade penalizando a distancia en meses entre período de referencia e data de difusión. Calcúlase nas operacións correntes e nas actividades estatísticas, ámbalas dúas agrupadas en estruturais (periodicidade anual ou semestral) e conxunturais (periodicidade mensual ou trimestral).

Para calcular indicadores globais e por departamento sobre execución, puntualidade e oportunidade pondéranse as actuacións por tipo, dándolles máis peso ás operacións fronte ás actividades e, dentro das primeiras, ás correntes fronte ás novas. O criterio vencella o resultado coa complexidade e madurez das actuacións, situando á cabeza ás operacións correntes que compren os requisitos da estatística oficial, seguidas das actividades estatísticas que cobren metas informativas e das operacións novas que se a implantan ou reestruturan.

O indicador de dinamismo aplícase ao conxunto de operacións en implantación e reestruturación para comprobar se se transforman en operacións en curso. Calcúlase como cociente entre as que evolucionan correctamente e o total das novas do programa.

O indicador de estabilidade emprégase nas operacións correntes para comprobar se permanecen no seguinte programa. Calcúlase dividindo o número das programadas en curso ou cumprimento que fican neses estados entre o total das correntes do programa anterior. A estabilidade tamén se mide nas actividades estatísticas.

O índice de satisfacción reflicte se as operacións e actividades estatísticas achegan información relevante sobre as temáticas implícitas nas metas de información. Para estimar o grao de satisfacción dunha meta determínanse as estatísticas potencialmente subministradoras de información sobre ela e, destas, as que difundiron resultados.

Outros indicadores

Para progresar na avaliación dos obxectivos do plan e converxer co marco de calidade do sistema estatístico europeo, calcúlanse outros indicadores por operación e actividade estatística:

TP1. Oportunidade en meses de resultados provisionais

TP2. Oportunidade en meses de resultados definitivos

TP3. Retraso como distancia en meses entra datas de publicación prevista e efectiva

TP4. Puntualidade das publicacións como cociente entre difundidas e programadas

AC1. Accesibilidade e claridade se existe un punto de información exclusivo e único


AC2. Accesibilidade e claridade se a difusión inclúe notas metodolóxicas

CC2. Lonxitude da serie para medir a coherencia no tempo

R1. Relevancia segundo consolidación e satisfacción de metas

Os resultados e a metodoloxía empregada para calcular os indicadores difúndense no enderezo: http://www.ige.eu/web/inventario_index.jsp?paxina=004005&idioma=gl

2.2 SEGUIMIENTO DO PROGRAMA 2021



2. PROGRAMACIÓN E SEGUIMENTO

Programa	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Nº operacións (OE)	103	112	102	98	97	80	84	83	88	85
operacións novas	19	42	23	23	10	5	2	4	3	1
en proxecto	12	33	13	7	4	-	-	-	-	-
en implantación	5	5	9	10	5	3	0	3	3	0
en reestruturación	2	4	1	6	1	2	2	1	0	1
operacións correntes	84	70	79	75	87	75	82	79	85	84
en curso	73	57	66	63	73	63	70	67	73	71
en cumprimento	11	13	13	12	14	12	12	12	12	13
Nº actividades estatísticas (AE)	41	47	72	66	73	57	60	61	61	66
Total OE e AE	144	159	174	164	170	137	144	144	149	151
Nº actividades interese estatístico (AIE)	-	-	-	-	-	33	28	30	33	35
Nº liñas de actuación salientables (LAS)	-	-	-	-	-	14	8	9	5	6
Execución (%)	90,2	89,4	83,0	83,7	85,6	89,3	97,6	98,3	98,2	94,1
operacións	89,7	87,9	83,8	83,7	85,4	88,0	97,3	98,0	97,4	93,3
operacións novas	75,3	62,4	59,2	75,0	79,0	90,0	100	100	100	100
operacións correntes	93,3	94,3	89,9	86,5	87,0	87,5	96,7	97,4	96,7	91,6
actividades estatísticas	92,9	95,1	80,0	81,6	86,3	91,2	98,0	98,8	99,3	95,3
Puntualidade (%)	-	-	-	-	-	71,9	76,7	72,8	75,7	78,9
operacións correntes	75,0	82,6	68,2	64,6	65,0	63,0	70,0	65,6	67,8	73,5
actividades estatísticas	-	-	-	-	-	85,3	86,8	83,5	87,6	87,1
Oportunidade (meses)	-	-	-	-	-	11	11	9	10	11
operacións correntes	-	-	11	11	12	11	12	10	11	12
estruturais	-	-	-	13	13	12	13	11	12	13
conxunturais	-	-	-	4	5	3	4	3	4	4
actividades estatísticas	-	-	-	-	-	10	10	8	8	10
estruturais	-	-	-	-	-	12	12	10	10	13
conxunturais	-	-	-	-	-	3	3	2	4	4
operacións correntes e actividades estruturais	-	-	-	-	-	12	13	11	11	13
operacións correntes e actividades conxunturais	-	-	-	-	-	3	3	3	4	4
Estabilidade (%)	80,0	94,9	84,8	95,7	75,6*	93,9	92,3	95,7	95,2	93,3
operacións correntes	75,0	95,7	87,3	98,7	81,6	96,0	92,7	98,7	95,3	95,2
actividades estatísticas	90,2	93,6	81,9	92,4	68,5*	91,2	91,7	91,8	95,1	90,9
Dinamismo operacións novas (%)	52,6	45,2	39,1	43,5	50,0	80,0	100	100	100	100
Satisfacción das metas do plan (%)	61,8	60,3	67,2	61,1	68,7	79,2	83,2	85,1	86,1	82,2

A execución das 151 operacións e actividades do programa 2021 acadou o 94%. Os indicadores de calendario amosan un 79% de puntualidade e desfases entre datas de referencia e difusión de 11 meses nas estatísticas estruturais e de 4 nas

conxunturais. A estabilidade e o dinamismo foron do 93% e 100%, respectivamente. Os datos difundidos satisfán o 82% das metas do plan¹.

Departamento	PEA 2021						
	nº OE	nº AE	total	execución (%)	puntualidade (%)	oportunidade (meses)	
						estrutural	conxuntural
Presidencia	4	3	7	100	93,3	9	-
Vicepresidencia 1ª	3	4	7	70,0	62,5	9	3
Vicepresidencia 2ª	0	1	1	100	0,0	6	-
Facenda e Administración Pública	1	0	1	80,0	0,0	12	-
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	4	3	7	100	65,0	8	-
Infraestruturas e Mobilidade	2	0	2	100	75,0	5	-
Cultura, Educación e Universidade	3	1	4	42,0	6,7	23	-
Emprego e Igualdade	13	4	17	99,0	86,2	8	1
Sanidade	10	1	11	49,5	33,0	16	-
Política Social	6	0	6	100	91,7	5	-
Medio Rural	12	7	19	90,1	56,1	12	3
Mar	2	2	4	100	100,0	3	-
IGE	27	41	68	98,8	97,4	18	4
Total	85	66	151	94,1	78,9	13	4

O IGE colaborou cos departamentos na execución de tres estatísticas (Táboas de mortalidade, Indicadores complementarios de seguimento do PDR e Indicadores de contexto do PDR), e foi responsable do 44% restante. As consellerías competentes en medio rural, emprego e sanidade séguenlle por tamaño da oferta.

As dúas táboas que figuran a continuación recollen os obxectivos informativos do plan que se abordaron cos datos publicados do PEA 2021. A primeira indica que se trataron todas as metas das áreas vencelladas co territorio e a tecnoloxía, o 87% das clasificadas na área de estrutura produtiva e o 71% das que versan sobre temas sociais. A columna denominada "metas satisfeitas" da segunda táboa amosa as que se tocarían de difundirse todas as actividades programadas relacionadas coa temática de cada área. En termos globais, coa información publicada do programa 2021 atendéronse o 82% das metas, fronte ao 87% que se conseguiría de executarmos completamente o programado.

Para analizar con máis precisión este indicador poderíanse considerar as metas que se atenderían sen máis que executar e difundir no 2021 os resultados das estatísticas do plan 2012-2016 que se incorporaron como consolidadas no vixente. Partiríamos entón duns índices de satisfacción entre o 70% e o 100%, que, logo de executar o PEA 2021, se conseguen manter nas áreas tecnolóxica e de estrutura produtiva e superar na relacionada co territorio. A área social é a máis feble en resultados. As estatísticas consolidadas satisfarían o 86% das metas, as programadas aspiraban a conseguir o 80% e as executadas só o fixeron nun 71%.

¹ O Informe de seguimento do PEA 2021 foi aprobado pola Comisión Permanente o 15 de xullo de 2022: <http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s6/lexislacion/InformeSeguimentoPEA2021.pdf>.

2. PROGRAMACIÓN E SEGUIMENTO

PGE 2017-2021		PEA 2021	
Áreas e seccións	nº metas	nº metas satisfeitas	Índice (%)
1 Territorio, recursos naturais e medio	10	10	100
1.1 Territorio e recursos naturais	4	4	100
1.2 Medio ambiente	6	6	100
2 Sociedade	44	31	70,5
2.1 Poboación e fogares	4	2	50,0
2.2 Sanidade	6	5	83,3
2.3 Educación e capital humano	7	5	71,4
2.4 Traballo	10	9	90,0
2.5 Condicións sociais	11	8	72,7
2.6 Cultura e lecer	4	0	0,0
2.7 Vivenda	2	2	100
3 Estrutura produtiva	37	32	86,5
3.1 Sector agrario	7	6	85,7
3.2 Pesca e acuicultura	5	3	60,0
3.3 Enerxía e industria	2	2	100
3.4 Construción	1	1	100
3.5 Servizos de mercado	5	5	100
3.6 AA.PP e outros servizos non de mercado	4	3	75,0
3.7 Mercados e prezos	5	5	100
3.8 Actividade empresarial	3	2	66,7
3.9 Sistema de contas	5	5	100
4 Coñecemento e tecnoloxía	10	10	100
4.1 Sociedade da información	6	6	100
4.2 Ciencia e tecnoloxía	4	4	100
Total	101	83	82,2

Nota: No 2021 prográmanse 4 actividades asociadas con metas non tratadas no plan 2012-2016: Incendios forestais, Balance enerxético, Explotación do Rexistro de Montes Veciñais de Man Común e Producións forestais

Área	PGE 2017-2021		PEA2021		Índice de satisfacción (%)		
	metas	metas con OE e AE consolidadas	metas satisfeitas efectivas	metas satisfeitas potencial	coas OE e AE consolidadas	co PEA 2021 efectivo	co PEA 2021 potencial
Territorio, recursos e medio	10	7	10	10	70,0	100	100
Sociedade	44	38	31	35	86,4	70,5	79,5
Estrutura produtiva	37	32	32	33	86,5	86,5	89,2
Coñecemento e tecnoloxía	10	10	10	10	100	100	100
Total	101	87	83	88	86,1	82,2	87,1

2.3 SEGUIMENTO DO PROGRAMA 2021. IGE

OPERACIÓNS E ACTIVIDADES ESTATÍSTICAS

Nome	%	%	Oportunidade (meses)	
			Estrutural	Conxuntural
Panorama rural e urbano	100	-	-	-
Panorama dos sete grandes concellos	100	100	4	-
Distribución espacial características poboación galega por cuadrícula de 1 Km ²	84	100	23	-
Indicadores demográficos	100	100	9	-
Cifras poboacionais de referencia	100	100	10	-
Táboas de mortalidade	100	100	20	-
Explotación do movemento natural da poboación	100	100	10	-
Explotación dos movementos migratorios	100	100	8	-
Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes	100	100	10	-
Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia	100	100	23	-
Indicadores migratorios	100	100	8	-
Indicadores de infancia e adolescencia	98,0	-	-	-
Enquisa estrutural a fogares (EEF)	100	100	12	-
Información estatística do sistema sanitario galego	100	100	16	-
Enquisa de poboación activa de Galicia (EPA)	100	100	-	1
Información do mercado laboral rexistrado	100	100	-	1
Explotación da mostra continua de vidas laborais	100	100	22	-
EPA. Estatística de fluxos da poboación activa	100	100	-	1
Afiliacións á S.S por concello de residencia da persoa afiliada	100	100	-	1
EPA. Variables de submostra	100	100	6	-
Emprego na Seguridade Social e Mutualidades	100	100	7	-
EPA. Módulo accidentes laborais e problemas de saúde relacionados co traballo	100	100	9	-
Estudo sobre salarios	100	100	8	-
EPA. Decil de salarios do emprego principal	100	100	11	-
Explotación da enquisa de estrutura salarial	100	100	29	0
Enquisa conxuntural a fogares	100	100	-	1
Indicadores de cohesión social	100	-	-	-
Pensións e outras prestacións	100	100	9	-
Pensións da S.S por concello de residencia da persoa pensionista	55,0	0	15	-
EPA. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica	100	100	0	-
Sistema de indicadores de lonxevidade	100	-	-	-
EPA. Estudo sobre relación coa actividade da poboación xuvenil	100	100	-	1
EPA. Emprego das persoas con discapacidade	100	100	14	-
Accesibilidade á vivenda	100	100	-	3
EEF. Características básicas dos fogares	100	100	6	-
Actividade industrial en Galicia	100	100	21	-
Explotación do índice de produción industrial	100	100	-	3
Seguimento e análise da construción	100	100	-	3
Estatística de construción de edificios	100	100	-	10
Indicadores de actividade e do VEB do sector servizos	100	100	-	4
Explotación do índice de comercio polo miúdo	100	100	-	2
Indicador da intensidade da demanda turística	100	100	5	-
Explotación estatística da información tributaria	98,0	100	-	13
Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario	100	100	-	6
Índices de valor unitario do comercio exterior e intracomunitario	100	100	-	11
Informe das variacións do índice de prezos de consumo	100	100	-	1
Índices de competitividade	100	100	-	2
Explotación do directorio de empresas e unidades locais	100	100	12	-
Contas das sociedades mercantís de Galicia	100	100	23	-
Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil	100	100	-	1
Indicadores de multilocalización empresarial	100	100	22	-
Enquisa a empresas multilocalizadas	100	100	30	-
Indicadores de demografía empresarial	100	100	13	-
Escenario macroeconómico de Galicia a curto prazo	100	100	-	-
Banco de series de conxuntura	100	-	-	-
Contas económicas anuais	100	100	29	-
Contas económicas trimestrais	100	100	-	2
Renda municipal do sector fogares	100	100	34	-
Contas do sector fogares	100	100	34	-
Actualización do marco input-output	100	100	36	-
Matriz de contabilidade social	100	100	30	-
Indicadores de innovación	100	100	-	-
Explotación da estatística sobre actividades de I+D	100	100	74	-
Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía	100	100	10	-
Indicadores de xénero	100	-	-	-
Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do PDR	99,0	-	-	-
Indicadores de contexto do PDR	99,0	-	-	-
Indicadores de contexto da economía galega	100	-	-	-
	98,8	97,4	18	4

2. PROGRAMACIÓN E SEGUIMIENTO

ACTIVIDADES DE INTERESE ESTATÍSTICO

No anexo IV de cada decreto de programa figuran as actividades de interese estatístico cos obxectivos instrumentais e de calidade que pretenden satisfacer.

AIE01 Perfeccionamento profesional do sistema estatístico de Galicia

Actuación programada: Curso sobre introdución ás novas ferramentas de big data para a análise de datos

Resultado: Impartiuse o curso.

Actuación programada: Outras actuacións formativas para o perfeccionamento profesional do sistema estatístico de Galicia

Resultado: Non se realizaron actuacións.

AIE02 I+D+i na actividade estatística

Actuación programada: Prácticas de estudantes do máster interuniversitario en técnicas estatísticas

Resultado: Traballouse na estimación da función xeralizada de variancia no ámbito da Enquisa estrutural a fogares.

AIE03 Relacións externas en materia de estatística

Actuación programada: Grupo de traballo do CITE sobre métodos e fontes para estimar as ramas industriais non manufactureiras nos sistemas de contas económicas do INE e das comunidades autónomas

Resultado: Asistiuse a unha reunión do grupo de traballo.

Actuación programada: Grupo de traballo do CITE sobre o nodo de interoperabilidade estatística (interSTAT)

Resultado: Non se realizaron actuacións.

Actuación programada: Actualizar o observatorio transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal

Resultado: Actualizáronse os resultados.

Actuación programada: Grupo de traballo do grupo institucional de comunidades autónomas sobre os indicadores da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable

Resultado: Asistiuse a unha reunión do grupo de traballo.

AIE05 Catalogación e difusión da información estatística

Actuación programada: Folgas e peches patronais

Resultado: Difusión no anuario de estatísticas sociolaborais dos resultados de 2020.

Actuación programada: Atlas estatístico comarcal

Resultado: Actualizáronse os resultados.

Actuación programada: Galicia en cifras

Resultado: Actualizáronse os resultados.

Actuación programada: Banco de datos territorial

Resultado: Actualizáronse os resultados.

Actuación programada: Indicadores do mercado laboral

Resultado: Actualizáronse os resultados.

Actuación programada: Datos estatísticos básicos de Galicia

Resultado: Actualizáronse os resultados.

Actuación programada: Anuario de estatísticas sociolaborais

Resultado: Difundiuse a edición 2020.

Actuación programada: A realidade da muller galega

Resultado: Actualizáronse os resultados.

Actuación programada: Indicadores Europa 2020

Resultado: Actualizáronse os resultados.

Actuación programada: Boletín de conxuntura

Resultado: Actualizáronse os resultados.

Actuación programada: Recompilar e difundir resultados estatísticos de Galicia

Resultado: Actualizáronse os resultados.

Actuación programada: A enerxía en Galicia

Resultado: Actualizáronse parcialmente os resultados.

Actuación programada: Información estatística sobre a cadea forestal-madeira

Resultado: Difundiuse esta información.

Actuación programada: Indicadores estatísticos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable en Galicia

Resultado: Difundiuse esta información.

AIE06 TIC para o proceso estatístico

Actuación programada: Novas ferramentas de difusión de información estatística empregando R-Markdown e R-Shiny

Resultado: Desenvolveuse unha ferramenta de difusión para o estudo sobre salarios.

AIE07 Normalización na actividade estatística

Actuación programada: Tradución da Clasificación Nacional de Educación (CNED)

Resultado: Difundiuse a tradución.

AIE08 Inventario, programación, seguimento e avaliación da actividade estatística. Plan calidade

Actuación programada: Informe de seguimento do PEA 2020

Resultado: Publicouse o informe.

Actuación programada: Redacción do anteproxecto de Lei do PGE 2022-2026

Resultado: Redactouse e aprobouse a lei.

AIE09 Análise estatística da poboación e dos fogares

Actuación programada: Informe sobre as cifras de poboación

Resultado: Publicouse o informe.

AIE13 Análise estatística da conxuntura económica

Actuación programada: Informe sobre os indicadores de actividade e do Valor Engadido Bruto (VEB) do sector servizos

Resultado: Publicáronse os informes.

Actuación programada: Informe sobre comercio exterior

Resultado: Publicáronse os informes.

Actuación programada: Informe sobre a enquisa trimestral de custo laboral

Resultado: Publicáronse os informes.

2. PROGRAMACIÓN E SEGUIMIENTO

Actuación programada: Informe sobre o índice de comercio polo miúdo

Resultado: Publicáronse os informes.

Actuación programada: Informe sobre afiliacións á Seguridade Social.

Resultado: Publicáronse os informes.

Actuación programada: Informe sobre o índice de produción industrial

Resultado: Publicáronse os informes.

AIE14 Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral

Actuación programada: Análise do sector da automoción

Resultado: Publicouse un informe co mesmo título.

AIE15 Apoio estatístico á redacción dos orzamentos xerais e outra normativa

Actuación programada: Indicadores de perspectiva de xénero nos orzamentos xerais

Resultado: Calculáronse indicadores de perspectiva de xénero.

AIE16 Redacción de proxectos técnicos de operacións estatísticas

Actuación programada: Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1 Km²

Resultado: Aprobouse no Consello Galego de Estatística.

LIÑAS DE ACTUACIÓN SALIENTABLES (LAS)

Estes obxectivos informativos figuran no artigo 2.3 do Decreto do PEA 2021:

LAS 2. Estrutura sociolaboral

Estudo da análise lonxitudinal na mostra continua de vidas laborais

Redactouse un documento co título "Estudo sobre a posibilidade de difundir información da mostra continua de vidas laborais (MVVL) con perspectiva lonxitudinal".

LAS 5. Conxuntura económica

Estudo das vacantes nas empresas galegas e do grao de utilización da capacidade produtiva do sector servizos

Realizouse unha enquisa piloto.

Análise da dispoñibilidade de nova información de prezos para a contabilidade trimestral

Redactáronse un documento co mesmo título.

LAS 6. Estrutura económica

Estudo dobre a FBC de capital fixo por sector institucional e tipo de activo

Redactouse un documento co mesmo título.

Estudo da implantación de datos económicos no directorio de empresas e unidades locais de Galicia

Avanzouse no estudo.

Estudo de métodos e fontes estatísticas para elaborar unha análise do sector do deporte

Redactouse un documento co mesmo título.

3

DIFUSIÓN

3.1 DIFUSIÓN E INFORMACIÓN ESTATÍSTICA

Un dos piares básicos da organización estatística é difundir a información xerada como resultado da súa actividade, baixo os criterios de celeridade e actualización, garantindo o acceso imparcial e respectando o segredo estatístico.



No IGE pódense consultar datos persoalmente, ou por teléfono, fax, correo ordinario e electrónico en:

Instituto Galego de Estatística

Servizo de Difusión e Información

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 - Santiago de Compostela

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 14 horas)

Fax: 981541323

Web: <http://www.ige.eu>

Peticións de información: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Twitter: https://twitter.com/#IGE_Estatistica

Facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTATISTICA>


3. DIFUSIÓN

PETICIÓNS DE INFORMACIÓN

Consultas telefónicas, en liña e por escrito

O IGE ten un teléfono para recibir peticións de información. As que chegan por escrito ou co formulario da web aténdense, como media, en dous días laborais. No 2021 resolvéronse 221 peticións telefónicas e 354 por outros medios.

Perfil demandante	Consultas telefónicas	Outras consultas	Total	Temática consultas telefónicas	nº
Particulares	114	183	297	Poboación	74
Medios comunicación	29	17	46	Traballo/protección social	40
Administración Autonómica	28	58	86	Benestar	31
Administración Local	29	17	46	Empresas	17
Empresas	2	17	19	Turismo	9
Centros ensino/Universidades	5	23	28	Contas	8
Asociacións	12	37	49	Construción	7
Administración Estado e outros	2	2	4	Territorio	7
Total	221	354	575	Agricultura/pesca	6



Educación	4
Industria	2
Comercio	2
Sistema financeiro	1
Transporte	1
Administración Pública	1
Outros	11
Total	221

2021	Visitantes distintos	Número de visitas
Xaneiro	21.039	39.257
Febreiro	24.751	42.394
Marzo	26.938	49.779
Abril	19.213	33.800
Maio	21.646	39.989
Xuño	17.624	34.175
Xullo	15.493	29.216
Agosto	14.529	27.984
Setembro	17.811	32.440
Outubro	21.729	39.923
Novembro	22.383	39.695
Decembro	17.175	31.975
Total	240.331	440.627

No 2021 accederon á web 240.331 visitantes distintos, que realizaron 440.627 consultas, o que supón algo máis de dúas por persoa.

Explotacións a medida

Aténdense cando é tecnicamente posible e son compatibles co segredo estatístico. No 2021 tramitáronse 118 deste tipo.

Listaxe de subscrición

A web pon á disposición das persoas usuarias unha listaxe de subscrición para recibir información diaria sobre noticias e novidades. A finais de 2021 estaban rexistradas un total de 500.

BIBLIOTECA

O IGE dispón dun fondo bibliográfico e documental sobre Galicia actualizado, que se nutre de diversas fontes de información, en especial das desenvolvidas polos organismos estatísticos de ámbito autonómico, estatal e europeo. Co sistema MEIGA promovido pola Biblioteca de Galicia catalóganse 6 documentos no 2021: 1 monografía e 5 publicacións seriadas. A finais dese ano, a biblioteca do IGE contaba con 19.358 documentos, 2.332 monografías, 1.043 disquetes ou CDs e 15.983 exemplares das 931 publicacións seriadas. Entre os seus visitantes predominan os estudantes e investigadores universitarios.

VISITAS DE CENTROS EDUCATIVOS

No 2021 interrompéronse as xornadas de portas abertas por mor da COVID-19.

3.2 SERVIZOS E PRODUTOS DE DIFUSIÓN

PUBLICACIÓNS DO IGE

OPERACIÓNS ESTATÍSTICAS PROPIAS

POBOACIÓN E CONDICIÓNNS SOCIAIS

Cifras de poboación de referencia

Ofrece información con nivel de desagregación municipal.

Indicadores demográficos

Cálculos por municipio, comarca e provincia sobre estrutura por idade e xénero da poboación, fecundidade, mortalidade e nupcialidade.

Sistema de indicadores de lonxevidade

Caracterizan ao colectivo de persoas maiores e ofrecen información específica en distintos ámbitos: estrutura poboacional, emprego, formación, atención médica, etc.

Indicadores de cohesión social

Información para Galicia dos indicadores estruturais de cohesión social de Eurostat.

Enquisa estrutural a fogares

Operación anual sobre as características socioeconómicas dos fogares galegos.

Enquisa da poboación activa en Galicia

Información trimestral de actividade, ocupación e paro.

Proxeccións de poboación

Evolución a curto prazo da poboación, por provincia e área xeográfica (ata o 2035).

Proxeccións de fogares

Información sobre o número de fogares galegos en distintas datas futuras.

Indicadores de xénero

Elaborados para analizar as diferenzas entre xéneros nos diferentes ámbitos sociais.

Enquisa conxuntural aos fogares

Operación trimestral para estudar o comportamento dos fogares como consumidores e segundo as principais variables sociodemográficas. Permite calcular o índice de confianza do consumidor.

3. DIFUSIÓN

Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada

O principal obxectivo é calcular as persoas afiliadas por concello de residencia.

Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista

O principal obxectivo é calcular as persoas pensionistas por concello de residencia.

ESTRUTURA PRODUTIVA

Índices de competitividade exterior

Permiten analizar a evolución da competitividade da economía nos mercados internacionais.

Contas económicas trimestrais

Información trimestral dos principais agregados macroeconómicos de Galicia.

Contas económicas de Galicia

Información anual dos agregados macroeconómicos, contas de produción e explotación e variables de emprego, por rama de actividade.

Contas do sector fogares

Información da sucesión de contas económicas para o sector institucional fogares.

Produto interior bruto municipal

Estimacións municipais e comarcais do PIB, desagregadas por rama de actividade.

Renda municipal do sector fogares

Realiza, para os concellos e comarcas de Galicia, a desagregación das contas de asignación de renda primaria e distribución secundaria da renda do sector institucional dos fogares.

Matriz de contabilidade social

Descrición dos vínculos entre valor engadido xerado polas ramas de actividade da economía e renda primaria por subgrupos de fogares, divididos en función de categorías de persoas ocupadas, dentro do marco do sistema de contas de Galicia.

Marco input-output

Para describir o proceso produtivo e os fluxos de bens e servizos da economía.

Escenario macroeconómico de Galicia a curto prazo

Elaboración dun cadro macroeconómico para analizar a evolución en termos reais do PIB desde a óptica da demanda, e a súa evolución en termos nominais e do emprego.

Índices de valor unitario do comercio exterior. Referencia 2010

Aproximación aos índices de prezos de exportacións e importacións de mercadorías con orixe/destino Galicia, excluindo da análise os intercambios co resto de España.

Seguimento e análise da construción

Información trimestral sobre evolución do sector da construción en Galicia.

Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Información sobre as empresas e unidades locais activas na Comunidade Autónoma.

Indicadores de actividade e do VEB do sector servizos

Para analizar a conxuntura da actividade no sector servizos, no marco do sistema integrado de contas económicas.

Contas das sociedades mercantís de Galicia

Información sobre a evolución da actividade empresarial galega.

Enquisa a empresas multilocalizadas

O obxectivo é medir que parte da actividade das empresas sediadas fóra de Galicia e con actividade nela se pode atribuír á Comunidade Autónoma.

Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Para analizar a demografía das sociedades mercantís en Galicia, con información sobre altas, baixas e modificacións rexistradas no mes de referencia.

Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do PDR

Sistema de indicadores complementarios dos de contexto da Comisión Europea, para reflectir mellor as peculiaridades e analizar o efecto do PDR en Galicia.

OPERACIÓNS ESTATÍSTICAS COMPARTIDAS

Estatística de construción de edificios

Información mensual para estimar e anticipar a evolución da actividade do subsector dedicado á construción, rehabilitación e demolición de edificios.

Movemento natural da poboación. Datos provisionais

Datos provisionais de nacementos, defuncións e matrimonios de residentes en Galicia, clasificados por categorías sociodemográficas.

Movemento natural da poboación. Datos definitivos

Datos definitivos de nacementos, defuncións e matrimonios de residentes en Galicia, clasificados por categorías sociodemográficas.

Táboas de mortalidade

Instrumento para a análise cuantitativa do fenómeno da supervivencia da poboación galega. Elaboradas para Galicia e por provincias.

ACTIVIDADES ESTATÍSTICAS

Nomenclátor e Padrón municipal de habitantes: explotación estatística

Características demográficas básicas recollidas nos padróns de habitantes.

A realidade da muller galega

Publicación con información sobre a situación da muller na sociedade galega.

Movements migratorios Galicia

A partir das altas e baixas rexistradas nos concellos por cambio de residencia.

Indicadores migratorios

O obxectivo desta actividade é elaborar e manter un sistema de indicadores que ofrezca unha imaxe de síntese sobre a situación migratoria da poboación galega.

Indicadores da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible

Para achegar series de datos estatísticos procedentes de fontes oficiais que permitan medir a nivel autonómico os indicadores definidos por Nacións Unidas.

Indicadores de infancia e adolescencia

Elaborados para proporcionar a información sociodemográfica máis destacada sobre a poboación infantil e adolescente de Galicia.

3. DIFUSIÓN

Indicadores de demografía empresarial

Co obxectivo de elaborar e manter un conxunto de indicadores sobre creación e supervivencia das empresas con actividade económica en Galicia.

Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia

Información municipal sobre carga de poboación diúrna e que pernoita.

Panorama rural-urbano

Publicación on-line cos principais indicadores sociodemográficos e económicos para Galicia e as súas provincias, con detalle por grao e subgrao de urbanización.

Panorama dos sete grandes concellos

Publicación on-line con información dos sete grandes concellos de Galicia, desagregada por distrito ou sección censual.

Estudo sobre salarios

Elaboración dunha análise coa información existente sobre salarios.

Distribución espacial das características da poboación por cuadrícula de 1km²

Para difundir información agregada sobre demografía, mercado laboral e pensións, con detalle por cuadrícula de 1 km².

Proxeccións de taxas de actividade

Con información sobre a evolución futura das taxas de actividade e do volume e a estrutura da poboación activa, por sexo e idade.

Información estatística do sistema sanitario galego

Difusión de datos sobre dotación e indicadores de funcionamento dos establecementos sanitarios en réxime de internado, a nivel de Galicia e provincias.

Esperanza de vida sen limitación

Estimacións das esperanzas de vida sen limitación e sen limitación grave en Galicia.

Estatística de multilocalización empresarial

Con información das principais características e indicadores de estrutura e actividade en Galicia das empresas que están sediadas fóra dela.

Estatística de pensións e outras prestacións

Datos provinciais de pensións contributivas e non contributivas percibidas en Galicia.

Actividade industrial en Galicia

Principais variables de emprego e actividade na industria cunha desagregación sectorial coherente coa realidade económica de Galicia, tomando como base os microdatos da enquisa industrial de empresas do INE.

Emprego na Seguridade Social de Mutualidades

Datos trimestrais de afiliacións á Seguridade Social, Instituto Social das Forzas Armadas, Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado e Mutualidade Xeral Xudicial.

Comercio exterior e intracomunitario

Datos do comercio exterior e intracomunitario de Galicia, desagregados por provincia, produto, tipo de operación e país de orixe/destino.

Galicia en cifras

Publicación anual on-line para sintetizar a información dispoñible sobre Galicia.

Datos estatísticos básicos de Galicia

Publicación on-line co avance dos datos estatísticos máis salientables de Galicia.

Información do mercado laboral rexistrado

O obxectivo desta actividade é difundir os datos das afiliacións á Seguridade Social por conta de cotización, a información do paro rexistrado segundo diversas variables e os contratos rexistrados por concello de residencia da persoa traballadora.

Explotación do índice de produción industrial

Índice de produción industrial para Galicia, por seccións e divisións da CNAE-2009.

Informe sobre as variacións nos índices de prezos de consumo

Información mensual cos principais resultados do IPC para Galicia. Inclúe prognósticos para o mes seguinte ao publicado.

Explotación do índice de comercio polo miúdo

Datos para Galicia do índice de comercio polo miúdo con detalle por produtos.

Indicadores de innovación

Con indicadores xerais para Galicia e nuns sectores estratéxicos predefinidos.

Indicador da intensidade da demanda turística

Construído para medir a demanda turística nas diferentes zonas de Galicia.

Accesibilidade á vivenda

Indicador de accesibilidade á compra de vivenda difundido no banco de series de conxuntura.

Explotación estatística da información tributaria

Para elaborar e difundir resultados estatísticos por concello a partir de información da AEAT e dos tributos cedidos e propios da Comunidade Autónoma.

Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía

Ferramenta de difusión das exportacións e importacións de produtos tecnolóxicos.

Indicadores de contexto do Plan estratéxico

Construídos para facilitar o seguimento e avaliación do plan, achegando información cuantitativa, nunha epígrafe específica, sobre a contorna socioeconómica.

Portal educativo do IGE

Ferramenta para ofrecer información nuns formatos axeitados ao mundo educativo.

Boletín de conxuntura

Publicación on-line coas principais series mensuais e trimestrais de indicadores.

Banco de datos territorial

Ofrece información cunha aplicación web que facilita consultar datos por concello ou comarca e permite elaborar gráficos e mapas.

Banco de series de conxuntura

Información conxuntural con aplicación web para facilitar as consultas e facer gráficos.

3. DIFUSIÓN

3.3 CALENDARIO

Publicado para difundir con transparencia e realizar consultas sobre estatísticas conxunturais e estruturais, por mes, trimestre e temática, coa data de referencia dos resultados. Entre os criterios considerados para a súa elaboración están:

- As obrigas derivadas dos anexos III dos decretos de programa sobre a forma e os prazos de difusión das operacións correntes do IGE e das consellerías.
- Os compromisos do IGE de divulgar tamén o calendario das actividades estatísticas e de detallar máis o das operacións da súa responsabilidade.
- A utilidade de especificar no calendario de cada mes as actividades estruturais de periodicidade igual ou superior ao ano que se difundirán ao longo do mesmo.
- O calendario pódese descargar en formato iCalendar para axendas persoais.

CALENDARIO 2021

Neste calendario aparece reflexado o día no que se publican as estatísticas conxunturais de periodicidade mensual e trimestral coa data de referencia dos resultados.

As actividades estruturais, de periodicidade igual ou superior ao ano, aparecen situadas debaixo do calendario de cada mes e difundiránse na páxina web ao longo de dito mes.

Calendario en formato iCalendar

Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño | Xullo | Agosto | Setembro | Outubro | Novembro | Decembro

1º trimestre | 2º trimestre | 3º trimestre | 4º trimestre

2020 | 2021

MARZO 2021

Conxunturais

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	2 IAS	3 BORME	4	5 IC	6	7
8 IPI	9	10	11	12 IPC	13	14
15	16	17 CEXT	18	19 IVCM	20	21
22	23	24	25 IPRI	26 IAS	27	28
29 IVU	30 IVCM	31 AI				

INDICADORES DEMOGRÁFICOS

Símbolo	Actividade
EC	Estatística de construción de edificios
IAS	Explotación das afiliacións a seguridade social
IPC	Índice de prezos ao consumo
SC	Seguimento e análise da construción
IVU	Índice de valor unitario para o comercio exterior
CEXT	Comercio exterior e intracomunitario
IAS	Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos
AI	Accesibilidade a vivenda
IPRI	Índice de prezos industriais
ETCL	Enquisa trimestral de custos laborais
BORME	Explotación do Boletín Oficial do Registro Mercantil
IC	Índice de competitividade
IPI	Índice de produción industrial
IVCM	Índice de vendas de comercio polo mundo

Estruturais

Actividade	Data de referencia	Día
ESTUDO SOBRE SALARIOS	Salarios desde a perspectiva do fogar	5
COMERCIO EXTERIOR E INTRACOMUNITARIO	Datos definitivos 2019	17
INDICADORES DEMOGRÁFICOS	2019/2020	26

Compartir: Facebook Twitter

Mapa web Contacto Suxestións Auda Ligazóns Aviso legal IGE

Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na Internet pola Xunta de Galicia. Oficina de Registro Único e Información | Suxestións e queixas | Aviso legal

Pode subscribirse ás novidades desta web cun lector de feeds.

4

RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

4.1 PRESENZA INSTITUCIONAL

EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

Un dos obxectivos do PGE 2017-2021 é impulsar a cooperación co Norte de Portugal e ampliar a información estatística da eurorrexión Galicia-Norte, espazo vencellado por afinidades idiomáticas, climáticas e etnográficas e pola existencia dunha fronteira sen grandes accidentes orográficos e con boas vías de comunicación.

As relación comeza en 1986, coa sinatura dun protocolo de cooperación, e continúan coas Xornadas Técnicas Galicia-Norte de 1988 e 1990. Un ano despois, a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte e a Xunta de Galicia, co apoio das administracións portuguesa e española e ao abeiro do *Convenio Marco Europeo para a Cooperación Transfronteiriza*, crean a Comunidade de Traballo Galicia-Norte, en cuxas comisións de cidadanía e desenvolvemento económico e turismo participan o IGE e a Dirección Rexional Norte do INE portugués. O traballo realizado forneceu información harmonizada da eurorrexión a través de diversas publicacións: Anuario, Atlas de empresas, Indicadores sociais, Comercio intracomunitario, Trocos comerciais, Caracterización das áreas de fronteira e Indicadores comarcais de desenvolvemento económico e social.

A colaboración continuou ao abeiro do *Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013*, dentro do proxecto *Instancias Territoriais de Cooperación: Comunidade de Traballo Galicia-Norte e Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte*, do que foron beneficiarios o IGE e cinco organismos máis. Neste marco púxose en marcha o *Observatorio Transfronteirizo*, cuxos obxectivos se retoman no 2014 cun acordo entre o IGE, o INE portugués e outras trinta e seis institucións, para seguir a compilar e difundir información no enderezo: http://www.ige.eu/web/mostrar_seccion_gnp.jsp?codigo=0502.

COMISIÓN EUROPEA

O IGE está a pescudar con modelos de equilibrio xeral dinámico estocástico (DSGE, do inglés Dynamic Stochastic General Equilibrium), en liña coas análises económicas máis usadas polas institucións internacionais e bancos centrais. En concreto, está traballando co modelo QUEST III con crecemento endógeno, versión actual dos da clase DSGE que utiliza a Comisión Europea para analizar os efectos das distintas medidas de política e a resposta da economía. O IGE empregou o modelo para medir o impacto que terán os fondos Next Generation na economía galega nos vindeiros anos. No cumprimento desta encomenda do Plan anual de actuación 2021, o IGE participa no grupo de usuarios, que se reuniu por videoconferencia en outubro dese ano.

GRUPO INSTITUCIONAL DE ESTATÍSTICA DAS COMUNIDADES AUTÓNOAS

O IGE forma parte do Grupo Institucional de Estatística das Comunidades Autónomas (GIECA), marco no que se adoptan os acordos de cooperación e se preparan as Xornadas Estatísticas das Comunidades Autónomas (XECAS). As primeiras celebráronse no 1985 en Mallorca e as de 2021 foron organizadas polo Instituto Canario de Estatística. Valencia acollerá as próximas.

4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

No 2021 o GIECA reuniuse os días 21 e 22 de setembro para presentar propostas conxuntas no Comité Interterritorial de Estatística e no Foro de Estatística Rexional e para seguir avanzando na procura de fórmulas organizativas axeitadas e de pautas que consoliden o funcionamento do grupo. A singularidade estatística no contexto da nova estratexia europea de datos foi outro dos temas de debate.

No 2021 continuaron a funcionar os grupos coordinadores para negociar coa Seguridade Social e a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) a cesión de información con fins estatísticos, e o de traballo sobre indicadores da Axenda 2030. Do primeiro coordinador forman parte os órganos centrais de estatística de Andalucía, Cataluña, Madrid e A Ríoxa, e do segundo os de Asturias, Madrid e País Vasco. Durante o 2021 cerrouse o acordo sobre afiliacións (asinado en marzo dese ano) e avanzouse na renovación do de pensións e na redacción dun novo convenio sobre comercio exterior, que se asinaron en xaneiro e marzo de 2022, respectivamente.

O grupo de traballo de indicadores da Axenda 2030 desenvolveu ás súa actividade en catro subgrupos, cada un especializado en determinadas fontes de información e asistido por unha unidade de metodoloxía e outra versada nas peticións de datos. Dentro deste esquema, Galicia asumiu no 2021 a secretaría e continuou co rol de unidade metodolóxica dentro do terceiro subgrupo que, integrado tamén polos OCECA de Canarias, Comunidade Valenciana e A Ríoxa, recibiu o encargo de definir e calcular os indicadores harmonizados derivados da balanza de pagos, enquisa de competencias financeiras, estatística sobre xestión forestal sustentable, rede contable agraria nacional, estatística do rendemento de actividades económicas, estatística de declarantes do IRPF, clasificación funcional do gasto e liquidacións orzamentarias das administracións públicas.

No 2021, os integrantes do grupo de traballo reuníronse en catro ocasións, o 5 de febreiro, o 12 de abril, o 17 de xuño e o 8 de outubro, para seguir avanzando na construción e difusión de indicadores. Así mesmo, leváronse a cabo accións destinadas a dar a coñecer a nivel internacional o traballo realizado, entre as que salientan a realización de xestións para incluír unha ficha na wiki da UNECE e o envío por parte de Cataluña dunha proposta de presentación para a European Conference on Quality in Official Statistics (Q2022).

Xornadas estatísticas das comunidades autónomas

Entre o 15 e o 19 de novembro de 2021 celebrouse a XXI edición das XECAS, baixo o lema "Comunidades que contan. Mobilizando os datos para o desenvolvemento sostible". O Instituto Canario de Estatística organizounas en liña, a través dunha plataforma na que se impartiron conferencias, sesións técnicas, plenarios e outros eventos sobre o papel da estatística pública como base fundamental para a toma de decisións a prol da calidade de vida da cidadanía. A conferencia inaugural de Francesca Perucci, Subdirectora da División de Estatística da ONU, versou sobre "As rexións subnacionais perante o reto de desenvolver e implantar un marco de indicadores ODS", e os 99 relatorios presentados agrupáronse en mesas de traballo sobre:

- ▶ Estatísticas demográficas
- ▶ Estatísticas económicas
- ▶ Organización estatística
- ▶ Enquisas
- ▶ Infraestrutura de datos
- ▶ Visualizadores xeográficos
- ▶ Covid
- ▶ Estatísticas laborais
- ▶ Mallas e núcleos de poboación
- ▶ ODS
- ▶ Directorios económicos
- ▶ Xeorreferenciación, xeocodificación e cartografía estatística
- ▶ Web scraping
- ▶ Impacto do RGPD na estatística pública

O programa completouse cun evento satélite sobre uso de R e Python na ciencia de datos, unha mesa redonda sobre o impacto do RGPD na estatística pública e tres sesións plenarias:

- ▶ As oficinas estatísticas no goberno e analítica de datos
- ▶ A estatística oficial na medición dos indicadores de desenvolvemento sostible
- ▶ Medindo a sostenibilidade do turismo

O IGE, ademais de participar no comité técnico das xornadas (Manuel Mateo Díaz), no comité do evento satélite (Esther López Vizcaíno) e na mesa redonda (Juan Gómez Duaso), presentou os relatorios:

- ▶ Achega do IGE á transparencia fiscal da Comunidade Autónoma de Galicia. Eva Alberte Aparicio, José Antonio Campo Andiñón e Marcos Rodríguez Rey.
- ▶ Aplicación de consulta de datos do marco input-output de Galicia en R-Shiny. Antonio Albo Díaz, Esther Calvo Ocampo, Raúl Jácome Rodríguez, Trinidad Teijeiro Campo, Marta Suárez Morao e Carmen Vilas Cruz.
- ▶ Cálculo da brecha salarial axustada por xénero en Galicia a partir da MCVL. Esther López Vizcaíno e Noa Veiguela Fernández.
- ▶ A estatística espacial en Galicia para a toma de decisións públicas. Ana Andiñón Hermida, Esther López Vizcaíno e Noa Veiguela Fernández.

Organización estatística

As competencias das comunidades autónomas desenvólvense a partir dos seus estatutos e normas reguladoras. De seguido figura un resumo actualizado a decembro de 2021:

Andalucía

Instituto de Estadística e Cartografía de Andalucía (organismo autónomo)

Lei 4/1989, do 12 decembro, de estatística da Comunidade Autónoma de Andalucía

Lei 6/2017, do 27 de decembro, que modifica a Lei 3/2013, do 24 de xullo, do Plan estatístico e cartográfico de Andalucía 2013-2017, que amplía a súa vixencia ata 2020

Consello Andaluz de Estadística e Cartografía

4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Aragón

Dirección Xeral de Economía. Instituto Aragonés de Estadística (outro)

Lei 2/2020, do 22 de outubro, de estatística de Aragón.

Canarias

Instituto Canario de Estadística (organismo autónomo)

Lei 1/1991, do 28 de xaneiro, de estatística da Comunidade Autónoma de Canarias

Decreto 78/2018, do 21 de maio, do Plan estatístico de Canarias 2018-2022

Consello de Estadística de Canarias

Cantabria

Instituto Cántabro de Estadística (organismo autónomo)

Lei 4/2005, do 5 de outubro, de estatística de Cantabria

Lei de Cantabria 9/2021, do 20 de decembro, do Plan estatístico 2021-2024

Consello Cántabro de Estadística

Castela e León

Dirección Xeral de Orzamentos e Estadística (outro)

Lei 7/2000, do 11 de xullo, de estatística de Castela e León

Decreto 6/2018, do 28 de marzo, do Plan estatístico de Castela e León 2018-2021

Comisión de Estadística de Castela e León

Consello Asesor de Estadística

Castela-A Mancha

Oficina de Transparencia, Bo Goberno e Participación. Servizo de Estadística de Castela-A Mancha (outro)

Lei 10/2002, do 21 de xuño, de estatística de Castela-A Mancha

Decreto 66/2018, do 25 de setembro, do Plan rexional de estatística de Castela-A Mancha 2018-2021

Comisión de Coordinación Estadística e

Consello Rexional de Estadística

Cataluña

Instituto de Estadística de Cataluña (organismo autónomo)

Lei 23/1998, do 30 de decembro, de estatística de Cataluña

Lei 5/2016, do 23 de decembro, do Plan estatístico de Cataluña 2017-2020, que estende a súa vixencia ao 2021

Consello Reitor do Sistema Estatístico de Cataluña

Consello Catalán de Estadística

Comunidade Foral de Navarra

Departamento de Economía e Facenda. Instituto de Estadística de Navarra (outro)

Lei Foral 11/1997, do 27 de xuño, de estatística de Navarra

Lei Foral 5/2021, do 10 de maio, do Plan de Estadística de Navarra 2021-2024

Consello de Estadística de Navarra

Comunidade de Madrid

Dirección Xeral Economía. Subdirección Xeral de Estadística e Oficina do Dato (outro)

Lei 12/1995, do 21 de abril da Comunidade de Madrid

Consello de Estadística da Comunidade de Madrid

Comunidade Valenciana

Dirección Xeral de Emprendemento e Cooperativismo. Subdirección Xeral de Estatística (outro)

Lei 5/1990, do 7 de xuño, de estatística da Comunidade Valenciana

Consello Valenciano de Estatística

Estremadura

Instituto de Estatística de Estremadura (organismo autónomo)

Lei 4/2003, do 20 de marzo, de estatística de Estremadura

Lei 6/2017, do 10 de xullo, do Plan de estatística de Estremadura 2017-2020

Consello Superior de Estatística de Estremadura

Galicia

Instituto Galego de Estatística (organismo autónomo)

Lei 9/1988, do 19 xullo, de estatística de Galicia

Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021

Consello Galego de Estatística

Illas Baleares

Instituto de Estatística das Illas Baleares (organismo autónomo)

Lei 3/2002, do 17 de maio, de estatística das Illas Baleares

Decreto 40/2018, do 23 de novembro, do Plan de estatística das Illes Baleares 2018-2021

Comisión Asesora de Estatística

País Vasco

Instituto Vasco de Estatística (organismo autónomo)

Lei 4/1986, do 23 de abril, de estatística da Comunidade Autónoma de Euskadi

Lei 8/2019, do 27 de xuño do Plan vasco de estatística 2019-2022

Comisión Vasca de Estatística

Consello Vasco de Estatística

Principado de Asturias

Dirección Xeral de Finanzas e Economía (outro)

Lei do Principado de Asturias 7/2006, do 3 de novembro, de estatística

Lei do Principado de Asturias 6/2017, do 30 de xuño, do Plan asturiano de estatística 2017-2020, que estende a súa vixencia ao 2021

Consello de Estatística do Principado de Asturias

Rexión de Murcia

Dirección Xeral de Estratexia Económica. Centro Rexional de Estatística de Murcia (outro)

Lei 6/2002, do 25 de xuño, de estatística da Rexión de Murcia

Consello de Estatística da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia

A Rioxa

Instituto Estatístico da Rioxa (outro)

Lei 2/2005, do 1 de marzo, de estatística da Rioxa

Decreto 33/2021, do 26 de maio, do Plan de estatística da Rioxa 2021-2024

Consello Superior de Estatística da Rioxa

COMITÉ INTERTERRITORIAL DE ESTATÍSTICA

O Comité Interterritorial de Estatística (CITE) é o órgano creado na Lei 12/1989 da Función estatística pública para facilitar a coordinación entre a Administración xeral do Estado (AXE) e as comunidades autónomas. No seo do CITE funciona o Foro de Estatística Rexional (FER), integrado polos representantes do INE e dos OCECA¹.

O pleno do CITE reuniuse o 23 de setembro de 2021 para aprobar a Memoria 2020, informar o anteproxecto de Real Decreto do Programa 2022 do Plan Estatístico Nacional 2021-2024 (PEN) e revisar a actividade desenvolvida polos grupos de traballo. Tamén se informou sobre a transmisión de datos identificados de Instrastat ás comunidades autónomas para desenvolver os seus plans e programas.

Pola súa banda, os representantes no FER foron convocados para compartir información sobre o papel da estatística oficial na administración e xestión da datos e coñecer os avances do grupo que se creara na sesión de xullo de 2020. Tamén se revisaron os traballos do Censo 2021 de poboación e vivendas e os proxectos de futuro das estatísticas de defuncións.

Grupo de traballo sobre métodos e fontes para estimar as ramas industriais non manufactureiras nos sistemas de contas económicas do INE e das CC.AA

Este grupo, creado no pleno do CITE de setembro de 2020 para intercambiar experiencias sobre fontes e métodos de estimación dos sistemas contables, esta formado polo INE e os órganos estatísticos de Andalucía, Castela e León, Cataluña, Galicia e Navarra. O IGE comparte co INE a secretaría do grupo, que se reuniu en dúas ocasións no 2021, o 25 de marzo e o 29 de xuño. Na primeira decidiuse estudar a división da CNAE sobre subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e na segunda repasáronse os traballos realizados e acordouse participar nas xornadas estatísticas das comunidades autónomas.

Grupo de traballo de novos indicadores da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible

Creado no pleno do CITE de setembro de 2020 para seguir intercambiando experiencias metodolóxicas sobre os indicadores da axenda. Está integrado por representantes do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, do INE e dos OCECA de Andalucía, Canarias, Cantabria, Cataluña, Madrid, Navarra, País Vasco e A Rioxa. O grupo reuniuse o 11 de marzo e o 6 de outubro de 2021.

Grupo de traballo sobre o nodo de interoperabilidade estatística (interSTAT)

O obxectivo xeral do grupo, con representantes do INE e dos OCECA de Andalucía, Canarias, Cataluña, Galicia, Illas Baleares, Murcia e País Vasco é establecer as bases xurídicas e técnicas para, segundo o previsto no Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da

¹ No marco do CITE, o INE e os OCECAS asinaron no 2008 un acordo para desenvolver a cooperación: http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s6/acordo_INE_CCAA.pdf

administración electrónica, conformar un nodo estatístico. Logo da súa constitución, o 25 de novembro de 2020, o grupo non celebrou ningunha reunión ata a convocada en xaneiro de 2022, na que se informa dun proxecto enmarcado no programa TSI (Instrumento de Apoio Técnico da Comisión Europea) para diagnosticar os problemas de implantar un nodo de interoperabilidade estatística en España. Por parte das comunidades autónomas comunícase que se está a elaborar un cuestionario para estudar os marcos xurídico, organizativo e técnico de acceso e uso de datos administrativos, valorar a situación actual dos OCECAS e coñecer os principais freos e dificultades cara a implantar un nodo de interoperabilidade estatística.

Posición dos órganos e oficinas centrais de estatística no novo ecosistema de datos

Este grupo adscrito ao FER foi creado no 2020 co obxectivo de achegar os instrumentos necesarios para establecer a posición da función estatística pública no novo ecosistema de datos. Está integrado por representantes do INE e dos OCECAS de Andalucía, Canarias, Cantabria, Cataluña, Illas Baleares, Murcia e País Vasco, que, logo de reunirse o 12 de xullo e o 16 de setembro de 2021, revisar os obxectivos encomendados e ordenar os traballos pendentes, decidiron solicitar unha ampliación do prazo concedido de doce meses. Na reunión do FER de setembro de 2021 aténdese a petición e prorrógase noutros doce meses o mandato.

INE E ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

No 2021 asináronse co INE o novo convenio da EPA e o destinado a eliminar duplicidades no ámbito do uso das TIC nas empresas, que substitúen aos de 2008 e 2014, respectivamente (anexos I e II). Estes acordos súmanse aos revisados no 2020 sobre estatísticas de nacementos e defuncións e intercambio de información. O segundo configúrase como convenio marco e materialízase anualmente nuns documentos que recollen as necesidades de información de cada parte. A partir dos subscritos no 2021, o IGE puido intercambiar co INE datos dos directorios de empresas e recibir información do padrón municipal continuo, do sistema de información xeográfica, do modelo de enderezos da AXE, e das seguintes actividades do PEN:

- ▶ 8134 Enquisa de consumos enerxéticos
- ▶ 8151 Estatística estrutural de empresas: sector industrial
- ▶ 8152 Enquisa industrial anual de produtos
- ▶ 8154 Índices de produción industrial
- ▶ 8155 Índices de cifras de negocios
- ▶ 8201 Estatística estrutural de empresas: sector servizos
- ▶ 8202 Estatística de produtos no sector servizos
- ▶ 8204 Indicadores de actividade do sector servizos
- ▶ 8221 Estatística estrutural de empresas: sector comercio
- ▶ 8222 Estatística de produtos no sector comercio
- ▶ 8223 Índices de comercio polo miúdo
- ▶ 8251 Estatística de transporte de viaxeiros
- ▶ 8284 Estatística de sociedades mercantís

4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

- ▶ 8316 Estatística de transmisión de dereitos da propiedade
- ▶ 8341 Índice de prezos de consumo
- ▶ 8350 Índices de prezos industriais
- ▶ 8391 Enquisa de poboación activa
- ▶ 8392 Enquisa comunitaria da forza de traballo
- ▶ 8394 Fluxos de poboación activa
- ▶ 8411 Estatística do emprego das persoas con discapacidade
- ▶ 8412 Estatística do salario das persoas con discapacidade
- ▶ 8413 Estatística de mobilidade laboral e xeográfica
- ▶ 8416 Enquisa anual de custe laboral
- ▶ 8417 Enquisa trimestral de custe laboral
- ▶ 8420 Enquisa anual de estrutura salarial
- ▶ 8482 Táboas de Orixe e Destino
- ▶ 8561 Enquisa sobre uso das TIC e do comercio electrónico nas empresas
- ▶ 8562 Enquisa sobre equipamento e uso das TIC nos fogares
- ▶ 8591 Enquisa de ocupación nos aloxamentos turísticos
- ▶ 8592 Enquisa de turismo de residentes (ETR/FAMILITUR)
- ▶ 8593 Estatística de movementos turísticos nas fronteiras (FRONTUR)
- ▶ 8594 Enquisa de gasto turístico (EGATUR)
- ▶ 8701 Estatística sobre actividades I+D
- ▶ 8703 Enquisa sobre innovación nas empresas
- ▶ 8740 Estatística de defuncións segundo a causa da morte
- ▶ 8863 Estatística do Padrón continuo
- ▶ 8866 Estatística do Padrón de españois residentes no estranxeiro
- ▶ 8867 Movemento natural da poboación
- ▶ 8869 Estatística de nulidades, separacións e divorcios
- ▶ 8870 Estatística de variacións residenciais
- ▶ 8912 Enquisa de presupostos familiares
- ▶ 8922 Enquisa de condicións de vida

Os datos utilizáronse para cubrir as metas de información do plan e as actuacións do PEA 2021:

- ▶ 0004-02 Panorama dos sete grandes concellos
- ▶ 0004-03 Distribución espacial características da poboación por cuadrícula 1 Km²
- ▶ 2101-01 Indicadores demográficos
- ▶ 2101-02 Cifras poboacionais de referencia
- ▶ 2101-03 Táboas de mortalidade
- ▶ 2101-04 Explotación do movemento natural da poboación
- ▶ 2101-05 Explotación dos movementos migratorios
- ▶ 2101-06 Nomenclátor e explotación do Padrón municipal de habitantes
- ▶ 2101-09 Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia
- ▶ 2101-10 Indicadores migratorios
- ▶ 2102-02 Enquisa estrutural a fogares
- ▶ 2205-01 Análise da mortalidade
- ▶ 2401-03 Enquisa de poboación activa de Galicia
- ▶ 2401-08 EPA. Estatística de fluxos da poboación activa

- ▶ 2401-10 Afiliacións á S.S por concello de residencia da persoa afiliada
- ▶ 2401-11 EPA. Variables da submostra
- ▶ 2402-02 EPA. Módulo de accidentes laborais e saúde relacionados co traballo
- ▶ 2403-01 Estudo sobre salarios
- ▶ 2403-02 EPA. Decil de salarios do emprego principal
- ▶ 2501-01 Enquisa conxuntural a fogares
- ▶ 2502-01 Indicadores de cohesión social
- ▶ 2503-03 Pensións da S.S por concello de residencia da persoa pensionista
- ▶ 2505-01 EPA. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica
- ▶ 2506-01 Sistema de indicadores de lonxevidade
- ▶ 2506-05 EPA. Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil
- ▶ 2507-02 Emprego das persoas con discapacidade
- ▶ 2701-01 Accesibilidade á vivenda
- ▶ 3301-02 Actividade industrial en Galicia
- ▶ 3302-01 Explotación do índice de produción industrial
- ▶ 3401-01 Seguimento e análise da construción
- ▶ 3501-01 Indicadores de actividade e do VAB no sector servizos
- ▶ 3501-02 Explotación do índice de comercio polo miúdo
- ▶ 3503-01 Emprego no sector turístico galego
- ▶ 3504-03 Enquisa sobre o turismo en destino de Galicia
- ▶ 3504-04 Conxuntura hoteleira: demanda, ocupación e rendibilidade empresarial
- ▶ 3504-05 Indicador de intensidade da demanda turística
- ▶ 3704-01 Informe das variacións do índice de prezos do consumo
- ▶ 3801-01 Explotación do directorio de empresas e unidades locais
- ▶ 3801-02 Contas das sociedades mercantís de Galicia
- ▶ 3801-04 Indicadores de multilocalización empresarial
- ▶ 3901-02 Banco de series de conxuntura
- ▶ 3902-01 Contas económicas anuais
- ▶ 3902-02 Contas económicas trimestrais
- ▶ 3903-02 Actualización do marco input-output
- ▶ 3904-01 Matriz de contabilidade social
- ▶ 4101-02 Sistema de indicadores da sociedade da información
- ▶ 4102-01 Empresas TIC de Galicia
- ▶ 4201-01 Indicadores de innovación
- ▶ 4201-02 Explotación da estatística sobre actividades de I+D
- ▶ 8000-01 Indicadores de xénero
- ▶ 9999-01 Sistema indicadores complementarios para seguir o PDR
- ▶ 9999-02 Indicadores de contexto do PDR
- ▶ 9999-03 Indicadores de contexto da economía galega
- ▶ AIE05 Catalogación e difusión da información estatística
- ▶ AIE05 Indicadores estatísticos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible
- ▶ AIE13 Análise estatístico da conxuntura económica

Para executar as actividades do PEN, o IGE transmitiu ao INE información sobre:

- ▶ Empresas e entidades xestoras de residuos (8113 Estatística sobre recollida e tratamento de residuos)

4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

- ▶ Establecementos hoteleiros e aloxamentos turísticos (8591 Enquisa de ocupación nos aloxamentos turísticos)
- ▶ Empresas e institucións que realizan actividades de I+D (8701 Estatística sobre actividades en I+D e 8703 Enquisa sobre innovación nas empresas)
- ▶ Empresas de transporte de viaxeiros por estrada (8251 Estatística de transporte de viaxeiros)
- ▶ Efectivos e remuneracións do persoal do Servizo Galego de Saúde (8343 Enquisa de paridades do poder adquisitivo)
- ▶ Información da mostra ampliada e listado de organismos públicos (8391 Enquisa de poboación activa, 8392 Enquisa comunitaria da forza de traballo e 8394 Fluxos da poboación activa)
- ▶ Causa da morte das defuncións inscritas en Galicia (8740 Estatística de defuncións segundo a causa da morte)
- ▶ Matrimonios, partos e defuncións inscritos en Galicia (8867 Movemento natural da poboación)

No 2021 asinouse un novo convenio coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) e o Instituto Social da Mariña (ISM) e revisouse o acordado no mesmo ano co Instituto Nacional da Seguridade Social, convenios que permiten aproveitar a información do ficheiro xeral da afiliacións e do rexistro de prestacións sociais públicas, respectivamente. Os datos utilizáronse nas estatísticas programadas no 2021: 0004-02 Panorama dos sete grandes concellos, 0004-03 Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1km², 2401-10 Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada e 2503-03 Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista.

Para realizar estudos máis completos do mercado laboral explótanse os datos cedidos pola AXE sobre persoas afiliadas ás entidades xestoras dos réximes especiais de persoal ao servizo da administración de xustiza, funcionarios civís do Estado e forzas armadas. Os resultados difúndense a partir da operación 2401-12 Emprego na Seguridade Social e mutualidades.

O IGE participa desde 2020 nas negociacións das comunidades autónomas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria en relación coa cesión de información de comercio exterior e intracomunitario e, mediante un acordo co ministerio competente en universidades, recibe datos para elaborar a estatística sobre carga de poboación estacional dos concellos de Galicia.

No 2021 tamén se renovou o convenio anual que regula a acción conxunta do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Axencia Galega de Calidade Alimentaria para harmonizar as estatísticas elaboradas en virtude das súas competencias, usando unha única fonte de recollida de información que evite duplicidades e molestias aos informantes (anexo VI).

Como resultado destes acordos e doutros que, sen chegar a formalizarse como convenios, prevén o intercambio de información cos ministerios competentes nas áreas de fomento, ensino, cultura e sanidade, a administración autonómica colabora nas seguintes operacións do Programa estatístico nacional 2021, aprobado por Real Decreto 150/2021, do 9 de marzo:

- ▶ 8003 Enquisa anual de superficies e rendemento dos cultivos
- ▶ 8004 Enquisa de base de plantacións de froiteiras, oliveiral e uva de mesa
- ▶ 8005 Avances mensuais de superficies e producións agrícolas
- ▶ 8006 Estatística sobre superficies e producións anuais de cultivos
- ▶ 8007 Estatística sobre efectivos de gando
- ▶ 8008 Estatísticas de producións gandeiras
- ▶ 8009 Enquisas mensuais e anual de salas de incubación
- ▶ 8014 Estatística anual doutros aproveitamentos forestais
- ▶ 8015 Estatística anual de caza
- ▶ 8016 Estatísticas produción e comercialización material forestal de reprodución
- ▶ 8017 Estatística anual de cortas de madeira
- ▶ 8018 Inventario forestal nacional
- ▶ 8019 Estatística anual de proxectos e actuacións forestais
- ▶ 8020 Estatística sobre xestión forestal sostible
- ▶ 8021 Balance nacional da madeira
- ▶ 8023 Estatística de produción ecolóxica
- ▶ 8024 LIGNUM. Sistema estatal de información sobre o comercio da madeira
- ▶ 8025 Estatística do viñedo
- ▶ 8056 Estatística anual de pesca fluvial
- ▶ 8091 Proxecto Corine Land Cover do programa Corine (UE)
- ▶ 8092 Sistema de información de ocupación do solo en España (SIOSE)
- ▶ 8093 Espazos naturais ou de interese
- ▶ 8094 Estatística de diversidade de especies silvestres
- ▶ 8104 Estatística de calidade do aire
- ▶ 8107 Inventario nacional do estado de saúde dos bosques
- ▶ 8108 Estatística de incendios forestais
- ▶ 8109 Seguimento do estado químico das augas subterráneas
- ▶ 8110 Seguimento do estado das augas superficiais
- ▶ 8181 Estatística de construción de edificios
- ▶ 8256 Estatística sobre o transporte marítimo de mercadorías e pasaxeiros
- ▶ 8344 Prezos conxunturais de produtos agrícolas
- ▶ 8345 Prezos conxunturais de produtos gandeiros
- ▶ 8346 Prezos medios nacionais
- ▶ 8347 Estatísticas mensuais e anuais de prezos e salarios agrarios
- ▶ 8348 Prezos medios anuais das terras de uso agrario
- ▶ 8349 Canons anuais de arrendamentos rústicos
- ▶ 8360 Estatística de prezos públicos universitarios
- ▶ 8397 Estatística de cooperativas constituídas
- ▶ 8398 Estatística de sociedades laborais rexistradas
- ▶ 8400 Estatística de empresas de traballo temporal
- ▶ 8401 Estatística do movemento laboral rexistrado
- ▶ 8404 Estatística de regulación de emprego
- ▶ 8405 Estatística de apoio á creación de emprego
- ▶ 8406 Estatística de mediación, arbitraje e conciliación
- ▶ 8407 Estatística de convenios colectivos de traballo
- ▶ 8408 Estatística de folgas e peches patronais

4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

- ▶ 8409 Estatística de accidentes de traballo
- ▶ 8410 Estatística de enfermidades profesionais
- ▶ 8421 Estatística de políticas do mercado de traballo
- ▶ 8424 Estatística de patoloxías non traumáticas
- ▶ 8459 Contas económicas da agricultura
- ▶ 8460 Contas económicas nacionais da silvicultura
- ▶ 8471 Contas satélites do gasto sanitario público
- ▶ 8501 Rexistro central de persoal. Boletín estatístico do persoal das AA.PP
- ▶ 8513 Indicadores sobre gasto farmacéutico e sanitario das CC.AA
- ▶ 8514 Informe sobre prazos de pago aos provedores e débeda comercial das CC.AA
- ▶ 8563 Estatística TIC nos centros non universitarios
- ▶ 8564 As TIC nas administracións públicas
- ▶ 8624 Estatística de museos e coleccións museográficas
- ▶ 8632 Estatística de asuntos taurinos
- ▶ 8633 Estatística de financiamento e gasto público en cultura
- ▶ 8651 Estatística de bibliotecas escolares
- ▶ 8652 Estatística de persoal das universidades
- ▶ 8653 Estatística mobilidade profesorado non universitario nos centros públicos
- ▶ 8654 Estatística do gasto público en educación
- ▶ 8656 Estatística de financiamento e gasto das universidades públicas españolas
- ▶ 8657 Estatísticas de bolsas e axudas ao estudo
- ▶ 8659 Estatística de universidades, centros e titulacións
- ▶ 8660 Estatística ensino non universitario (centros, matrícula, egresados e persoal)
- ▶ 8661 Estatística do alumnado de formación profesional
- ▶ 8662 Estatística das probas de acceso á universidade (PAU)
- ▶ 8663 Estatística de estudantes universitarios
- ▶ 8670 Estatística de formación para o emprego
- ▶ 8674 Indicadores universitarios
- ▶ 8675 Sistema estatal de indicadores da educación
- ▶ 8676 Indicadores estatísticos da educación
- ▶ 8678 Estatística de formación profesional para o emprego acreditable
- ▶ 8702 Estatística de créditos orzamentarios (iniciais e finais) de I+D
- ▶ 8731 Sistema de información de atención primaria do SNS
- ▶ 8733 Estatística de centros sanitarios de atención especializada
- ▶ 8734 Explotación RAE-CMDB: Demanda hospitalaria e morbilidade atendida
- ▶ 8736 Estatística de enfermidades de declaración obrigatoria
- ▶ 8737 Estatística estatal da SIDA
- ▶ 8738 Sistema de información microbiolóxica
- ▶ 8739 Estatística estatal de encefalopatías esponxiformes transmisibles humanas
- ▶ 8741 Indicadores consumo psicoactivos OED²: mortalidade por reacción aguda
- ▶ 8742 Indicadores consumo psicoactivos OED: urxencias hospitalarias
- ▶ 8743 Indicadores consumo psicoactivos OED: admisións ao tratamento
- ▶ 8744 Enquisa sobre uso de drogas no ensino secundario en España
- ▶ 8747 Calidade das augas de consumo humano

² Observatorio español das drogas e adicións

- ▶ 8748 Calidade das augas de baño
- ▶ 8752 Estatística de interrupcións voluntarias do embarazo
- ▶ 8753 Estatística consumo farmacéutico por receita do SNS e mutualidades
- ▶ 8754 Estatística de consumo de medicamentos nos hospitais da rede do SNS
- ▶ 8781 Estatística medidas protección infancia: adopcións, acollementos e tutela
- ▶ 8787 Estatística de prestacións non contributivas
- ▶ 8790 Estatística de títulos de familias numerosas
- ▶ 8792 Estatística de prestacións para a autonomía e atención á dependencia
- ▶ 8793 Estatística axudas sociais ás mulleres vítimas de violencia de xénero
- ▶ 8796 Estatística de servizos sociais dirixidos ás persoas maiores en España
- ▶ 8797 Estatística de recursos autonómicos en materia de violencia contra a muller
- ▶ 8799 Base estatal de datos de persoas con valoración do grao de discapacidade
- ▶ 8800 Censo de centros residenciais de servizos sociais en España

AUTORIDADE INDEPENDENTE DE RESPONSABILIDADE FISCAL (AIReF)

O IGE, como organismo responsable do subsistema de prospectiva económica dos escenarios orzamentarios de Galicia, participa desde 2017 no grupo de traballo sobre previsións do cadro macroeconómico por CC.AA impulsado pola AIReF. Logo da crise sanitaria de 2020, o grupo retomou a súa actividade en marzo de 2021, cun seminario sobre conxuntura e previsión económica, concibido como foro de debate para aprender das ineludibles revisións dos modelos provocadas pola devandita crise. A participación do IGE versou sobre as ferramentas utilizadas para medir o impacto da COVID-19 e os avances na aplicación dos modelos DSGE á economía galega, en particular do QUEST III R&D da Comisión Europea. Este modelo permitiu, mediante a simulación dun shock de inversión pública e doutro de gasto público, medir o impacto en Galicia dos fondos europeos, principalmente do instrumento “Next Generation EU”.

UNIVERSIDADES

Entre as funcións encomendadas ao IGE nos plans anuais de actuación figuran as prácticas de estudantes reguladas nos convenios asinados coas universidades galegas:

1. Convenio coa USC para prácticas da Facultade de Matemáticas (desde 2011)
2. Convenio coa UDC, a USC e a UVIGO para colaborar no máster universitario en técnicas estatísticas (desde 2011)
3. Convenio coa USC para prácticas do grao en xeografía e ordenación do territorio e do máster en planificación e xestión do desenvolvemento territorial (desde 2014)
4. Convenio coa UDC para prácticas da Facultade de Socioloxía (desde 2016)
5. Convenio coa USC para prácticas do máster oficial en desenvolvemento económico e innovación (desde 2017)
6. Convenio coa USC para estadias de investigación predoutorais de estudantes do programa de doutoramento en xestión sustentable da terra e do territorio (desde 2017)
7. Convenio coa UDC, a USC e a UVIGO para prácticas do máster en economía (desde 2020)

4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

8. Convenio coa USC para prácticas da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (desde 2020)
9. Convenio coa USC para prácticas da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (desde 2020)
10. Convenio coa UVIGO para prácticas académicas externas (desde 2020)

No curso 2020-2021 realizaron prácticas no IGE seis estudantes sobre:

- Sistema de contas económicas de Galicia. Análise e interpretación da información e comparativa cos sistemas español e europeo
- Análise lonxitudinal do mercado laboral galego coa mostra continua de vidas laborais
- Estimación da función xeralizada de variancia no ámbito da Enquisa Estrutural a Fogares
- Análise de ciclos económicos
- Análise dos movementos residenciais entre concellos de Galicia
- Impacto da COVID-19 no mercado laboral galego

O Director do IGE participou nunha reunión da comisión para renovar a acreditación do grao en matemáticas celebrada en Santiago en febreiro de 2021.

PARTICIPACIÓN NOUTROS ÓRGANOS

- ▶ Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable. Consellería de Facenda e Administración Pública
- ▶ Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
- ▶ Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
- ▶ Comisión de Toponimia. Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo
- ▶ Comisión Sectorial da Cidadanía. Comunidade de Traballo Galicia Norte de Portugal
- ▶ Comisión Sectorial de Desenvolvemento Económico e Turismo. Comunidade de Traballo Galicia Norte de Portugal
- ▶ Comité Galego de Políticas de Xuventude. Consellería de Política Social
- ▶ Consello de Avaliación Documental de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Universidade
- ▶ Grupo de traballo de sectores estratéxicos. Consellería de Cultura, Educación e Universidade
- ▶ Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia. AMTEGA
- ▶ Observatorio Galego da Familia e da Infancia. Consellería de Política Social
- ▶ Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo
- ▶ Observatorio Galego de Acción Voluntaria. Consellería de Política Social
- ▶ Observatorio Galego de Dinamización Demográfica. Consellería de Política Social
- ▶ Rede de avaliación e seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Consellería de Facenda e Administración Pública

- ▶ Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións
- ▶ Comité de Coordinación da Calidade. Consellería de Facenda e Administración Pública

4.2 CONVENIOS VIXENTES E OUTROS ACORDOS

1. Convenio entre a USC e o IGE, para estadías de investigación predoutorais dos estudantes do programa de doutoramento en xestión sustentable da terra e do territorio (2017)
2. Convenio de colaboración educativa entre a USC e o IGE, para prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado do grao en xeografía e ordenación do territorio e do máster universitario en planificación e xestión do desenvolvemento territorial (2018)
3. Convenio entre a UDC e o IGE, para prácticas académicas externas curriculares de estudantes da Facultade de Socioloxía (2019)
4. Convenio de colaboración entre a USC, a UVIGO, a UDC e o IGE, para prácticas de estudantes do máster universitario en economía (2020)
5. Convenio entre a USC e o IGE, para prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares de estudantes da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (2020)
6. Convenio entre a USC e o IGE, para prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares dos/as estudantes da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (2020)
7. Convenio de cooperación estatística e intercambio de información entre o INE e o IGE (2020)
8. Convenio de cooperación entre o IGE e a UVIGO, para prácticas académicas externas (2020)
9. Documentos de intercambio de información estatística entre o INE e o IGE (2021)
10. Convenio entre o INE, o IGE e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, para realizar as estatísticas do movemento natural da poboación e defuncións segundo a causa da morte (2020)
11. Convenio de colaboración entre a USC, a UDC, a UVIGO e o IGE, para prácticas de estudantes do máster universitario en técnicas estatísticas (2020)
12. Convenio de colaboración entre a AMTEGA e o IGE, para optimizar as operacións estatísticas no ámbito da sociedade da información: fogares e empresas (2020)
13. Convenio entre a AXE, a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e a C.A de Galicia, a través da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, en materia de estatística (2021)
14. Convenio de colaboración entre o INE e o IGE, para realizar a EPA en Galicia (2021)
15. Convenio entre a TXSS, o ISM e a C.A de Galicia, en materia estatística (2021)
16. Convenio entre o INE, o IGE e a AMTEGA para eliminar duplicidades estatísticas no ámbito do uso das tecnoloxías da información no sector empresas (2021)
17. Acordo de prórroga do convenio de colaboración educativa entre a USC e o IGE, para prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares de

4. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

estudiantes do máster universitario en desenvolvemento económico e innovación (2021)

- 18.** Convenio de colaboración entre a USC e o IGE para prácticas académicas externas de estudantes da Facultade de Matemáticas (2021)

Os convenios pódense consultar no enderezo: <https://www.xunta.gal/convenios>

RECURSOS E OUTRAS ACTIVIDADES DO IGE

5.1 ESTATUTO DO IGE E OUTRA NORMATIVA

En aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG nº 251, do 31 de decembro), apróbase o Decreto 60/2016, do 26 de maio, do Estatuto do IGE (DOG nº 108, do 8 de xuño), que regula as funcións a realizar como soporte e complemento das estatísticas e establece os seus órganos executivo (Dirección) e de goberno (Presidencia e Consello Reitor).

O Consello Reitor (CR), constituíuse o trece de setembro de 2016, coa seguinte composición:

- ▶ Presidencia: Persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública
- ▶ Vicepresidencia: Persoa titular da Dirección do IGE
- ▶ Secretaría: Persoa titular da Secretaría Xeral do IGE
- ▶ Persoas titulares das direccións xerais de:
 - Relacións Institucionais e Parlamentarias. Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 - Avaliación e Reforma Administrativa. Consellería de Facenda e Administración Pública
 - Función Pública. Consellería de Facenda e Administración Pública
 - Planificación e Orzamentos. Consellería de Facenda e Administración Pública

O IGE desenvolve a súa actividade no marco dun Plan anual de actuación (PAA), aprobado por orde da Consellería de Facenda e Administración Pública e sometido ao CR dentro dun informe xeral anual. O vixente para 2021, aprobado por Orde do 16 de novembro de 2020, contempla vinte catro actuacións que se suman ás do programa estatístico do mesmo ano. A Orde do 30 de decembro de 2021 establece o PAA 2022 (anexo VIII).

Na sesión do CR do 16 de xullo de 2021 aprobouse a conta de liquidación 2020 e na celebrada o 13 de outubro do mesmo ano o anteproxecto de orzamentos do Instituto para 2022.

O Estatuto recolle a estrutura organizativa do IGE, as funcións que lle atribúe a LEG e outras normas relacionadas coa súa condición de órgano central do sistema estatístico de Galicia. Entre elas e como resultado da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (DOG nº 124, do 29 de xuño) e da Orde da Consellería de Facenda, do 4 de xullo de 2016, pola que se ditan instrucións sobre escenarios orzamentarios (DOG nº 135, do 18 de xullo), a responsabilidade de describir a metodoloxía empregada e de elaborar un subsistema de prospección económica (escenario macroeconómico, crecemento potencial e output gap), para que a planificación se sustente sobre previsións oportunas e realistas.

A maiores deste papel na planificación orzamentaria, o IGE debe atender as demandas de información doutros órganos administrativos para valorar os impactos económicos de introducir determinadas medidas.

5. RECURSOS E OUTRAS ACTIVIDADES DO IGE


5.2 RECURSOS

INVENTARIO	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Equipos de informática	743.079	764.853	526.962	544.965	552.325	557.087	566.461	584.412
Equipos de oficina e mobiliario	420.642	420.642	413.764	391.092	375.812	379.631	385.272	386.327
Fondo bibliográfico	56.052	56.385	56.019	56.019	56.019	56.019	56.508	56.997
Instalacións técnicas	1.969	1.969	1.969	19.691	51.138	51.138	51.138	51.138
Total	1.221.742	1.243.849	998.714	1.011.767	1.035.295	1.043.875	1.059.379	1.078.874

Importe en euros

Orzamento	Capítulo 1	Capítulo 2	Capítulo 4	Capítulo 6	Capítulo 7	Total
1996	1.681.812	200.576	20.434	1.484.500	0	3.387.322
1997	1.695.161	201.988	20.434	1.586.672	0	3.504.255
1998	1.910.377	194.944	20.434	1.944.274	0	4.070.029
1999	1.938.360	184.204	20.434	2.006.178	0	4.149.176
2000	2.002.849	214.255	20.434	1.737.935	631.063	4.606.536
2001	2.134.693	324.294	36.662	1.428.942	841.549	4.766.140
2002	2.177.411	378.386	36.694	1.360.856	807.461	4.760.808
2003	2.224.730	378.386	44.540	1.964.000	0	4.611.656
2004	2.339.277	387.210	44.870	1.964.000	0	4.735.357
2005	2.665.749	421.090	55.870	1.773.900	0	4.916.609
2006	2.762.114	445.962	82.220	1.803.900	0	5.094.196
2007	2.828.654	452.676	82.940	1.803.900	0	5.168.170
2008	3.036.547	461.730	94.940	1.803.900	0	5.397.117
2009	3.049.883	420.085	87.819	1.637.941	0	5.195.728
2010	3.044.752	381.323	25.000	1.228.460	0	4.679.535
2011	2.950.017	376.900	0	970.092	0	4.297.009
2012	2.950.017	373.070	12.000	986.592	0	4.321.679
2013	2.683.568	356.967	0	1.029.089	0	4.069.624
2014	2.613.568	339.119	0	964.592	0	3.917.279
2015	2.613.568	320.433	0	910.397	0	3.844.398
2016	2.648.376	320.433	0	1.010.397	0	3.979.206
2017	2.788.540	326.433	0	1.046.397	0	4.161.370
2018	2.844.311	331.445	0	1.017.350	0	4.193.106
2019	2.904.761	337.358	0	1.033.750	0	4.275.869
2020	3.027.864	337.358	0	1.150.225	0	4.515.447
2021	3.081.422	328.924	0	1.170.600	0	4.580.946
2022	3.143.050	333.724	0	1.200.000	0	4.676.774


No 2021 tramítanse 40 expedientes de contratación por un importe de 233.814 euros e empregouse a ferramenta de recepción electrónica do sistema único de rexistro (REXEL). A estrutura organizativa do IGE está regulada no seu Estatuto:



A relación de postos de traballo do IGE vixente ao 31 de decembro de 2021 incluía 64 prazas. O cadro de persoal á mesma data era de 58 persoas, o 59% mulleres.

2021

Prazas	Nº	Nivel
Secretaría xeral	1	30
Subdirección	2	30
Xefatura de servizo	11	28
Xefatura de sección	18	25
Técnico/a facultativo/a superior	1	22
Posto base grupo A1	9	20
Programador/a	1	20
Técnico/a facultativo/a medio/a	2	18
Xefatura de negociado	4	18
Secretario/a dirección	1	18
Operador/a de ordenador	2	18
Posto base grupo C2	2	12
Subalterno/a	1	10
Titulado/a superior	1	grupo I
Enquisador/a	8	grupo III
Total	64	-



- Funcionario/a escala estatística
- Funcionario/a escala informática
- Funcionario/a corpo xeral
- Enquisador/a e outros/as laborais

5.3 FORMACIÓN E OUTRAS ACTIVIDADES DE INTERESE ESTATÍSTICO

Congresos, cursos, seminarios, e xornadas aos que asistiu persoal do IGE

- Máis aló do PIB: Benestar, sustentabilidade social e ambiental. INE. Xaneiro 2021
- Comercio polo miúdo de grandes empresas. INE. Febreiro 2021
- Medición do número de vivendas turísticas en España e a súa capacidade. Técnicas de web scraping e algoritmo de deduplicado de vivendas. INE. Febreiro 2021
- Os censos de poboación e vivendas 2021 baseados en rexistros administrativos. INE. Marzo 2021
- Causas de morte no contexto da pandemia. INE. Marzo 2021
- Estatística experimental: Gasto realizado polos visitantes estranxeiros nas súas visitas a España, segundo comunidade autónoma de destino e país de residencia. INE. Abril 2021
- Unha aproximación á demografía conxuntural de empresas. INE. Abril 2021
- Xornadas sobre acceso ás novas fontes de datos con fins estatísticos. O novo paradigma para a estatística oficial. INE. Maio 2021
- Cambios na enquisa de poboación activa 2021. INE. Maio 2021
- A estatística de seguimento das vendas diarias do Sistema Inmediato de Información (SII). INE. Xuño 2021
- Deseño mostral das enquisas de poboación e económicas. INE. Xuño 2021
- Xornadas sobre acceso ás novas fontes de datos con fins estatísticos. INE. Xuño 2021
- A medición do progreso cara aos obxectivos de desenvolvemento sustentable: os indicadores da axenda 2030. Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Xullo 2021
- Retos da estatística nunha sociedade altamente datificada. Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Xullo 2021
- Novas fontes de datos e estatísticas oficiais. INE. Outubro 2021
- Día Europeo da Estatística. Goodness-of-fit tests for statistical models with some recent results. SGAPEIO. Outubro 2021
- Introducción ás novas ferramentas de Big Data para análise de datos. IGE. EGAP. Novembro-décembro 2021

Cursos impartidos, publicacións e relatorios elaborados por persoal do IGE.

- VIII Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística. Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO) e Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA). Febreiro 2021. María Martín Vila presentou o relatorio “Dez anos do concurso Incubadora de sondaxes e experimentos”.
- Aproveitamento da información estatística dispoñible no IGE. Introducción ao software libre R. EGAP. Abril 2021. Impartido por Juan Gómez Duaso, María Esther López Vizcaíno e Marta Suárez Morao.
- Industria forestal madeira. Xornada sobre os datos da cadea de valor. IGE e UVIGO. Santiago de Compostela. Xullo 2021. Raúl Jácome Rodríguez presentou un relatorio sobre a análise da cadea forestal-madeira.

- VIII Xornada de usuarios de R en Galicia. Asociación de usuarios de software libre da Terra de Melide. Santiago de Compostela. Outubro 2021. Esther López Vizcaíno presentou o relatorio "Algúns usos de R nos procesos do IGE".
- Tratamento da información estatística e presentación de resultados empregando o software libre R. EGAP. Outubro-Novembro 2021. Impartido por Juan Gómez Duaso, María Esther López Vizcaíno e Marta Suárez Morao.
- IX Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística. SGAPEIO e AGAPEMA. Novembro 2021. Noa Veiguela Fernández presentou o relatorio "Como extraer información da web do IGE".
- XV Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións. SGAPEIO. Santiago de Compostela. Novembro 2021. Esther López Vizcaíno, María Martín Vila e Isabel del Río Viqueira formaron parte dos comités organizador e científico. José Antonio Campo Andiñón participou na sesión de apertura e na mesa redonda "O impacto da Covid19 dende diferentes perspectivas" e María Martín Vila moderou as comunicacións sobre estatística pública. Presentáronse os seguintes relatorios:
 - Asignación de datos económicos ao directorio de empresas e unidades locais para obter o PIB municipal. Esther Calvo Ocampo e Trinidad Teijeiro Campo
 - Indicadores sumarios dalgúns tabuladores ou das súas compoñentes. Carlos Luís Iglesias Patiño
 - Aplicación do marco input-output de Galicia: Unha ferramenta de estatística pública para a análise. Raúl Jácome Rodríguez
 - Control de calidade da información estatística difundida polo IGE. Esther López Vizcaíno
- Máster universitario en xestión e dirección laboral. USC. Santiago de Compostela. Novembro 2021. O IGE participou impartindo a materia "Información estatística sobre o mercado laboral". Manuel Mateo Díaz.
- XXI Xornadas de estatística. Instituto Canario de Estatística. Novembro 2021:
 - Achea do IGE á transparencia fiscal da Comunidade Autónoma. Eva Alberte Aparicio, José Antonio Campo Andiñón e Marcos Rodríguez Rey.
 - Aplicación de consulta de datos do marco input-output de Galicia en R-Shiny. Antonio Albo Díaz, Esther Calvo Ocampo, Raúl Jácome Rodríguez, Trinidad Teijeiro Campo, Marta Suárez Morao e Carmen Vilas Cruz.
 - Cálculo da brecha salarial axustada por xénero en Galicia a partir da MCVL. Esther López Vizcaíno e Noa Veiguela Fernández.
 - A estatística espacial en Galicia para a toma de decisións públicas. Ana Andiñón Hermida, Esther López Vizcaíno e Noa Veiguela Fernández.

Outras actividades

XI Incubadora de Sondaxes e Experimentos

A SGAPEIO, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Facultade de Matemáticas da USC e o IGE, convocou o XI Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos para estudantes de ESO, bacharelato e ciclos formativos de grao medio. Formou parte do xurado a funcionaria do IGE Dolores Martínez Fernández. Os premios da edición galega entregáronse en Santiago o 11 de xuño de

5. RECURSOS E OUTRAS ACTIVIDADES DO IGE

2021, pero non se puideron presentar na fase nacional do concurso, que se ía celebrar en Cidade Real e foi suspendida.

► 1º e 2º da ESO

- Gañador: IES Milladoiro. (Ames), co traballo "Vaia cara"
- Finalista: IES República Oriental de Uruguai (Vigo), co traballo "Temos que lavarnos as mans tantas veces como nos din os profes?"
- Mencións especiais:
 - IES República Oriental de Uruguai (Vigo), co traballo "Pasos e profesións"
 - IES República Oriental de Uruguai (Vigo), co traballo "Scrabble en galego"

► 3º e 4º da ESO

- Gañador: IES Pontepedriña (Santiago de Compostela), co traballo "Optimizando rutas Pokémon"
- Finalistas:
 - IES Agra do Orzán (A Coruña), co traballo "Como está o noso aire?"
 - IES Eduardo Pondal (Ponteceso), co traballo "Lobo ou can?"

► Bacharelato e ciclos formativos de grao medio

- Gañador: IES Cacheiras (Teo), co traballo "(A)Politicamente coherentes"
- Finalista: IES Johan Carballeira (Bueu), co traballo "WSCIENTIFICS: rompendo co el efecto Matilda"
- Mención especial: Colexio Santiago Apóstolo (Vigo), co traballo "Vale a pena copiar?"

ANEXO I

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA REALIZAR A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA NO ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

REUNIDOS

Dunha parte, Don Juan Manuel Rodríguez Poo, Presidente do Instituto Nacional de Estatística nomeado mediante Real Decreto 1325/2018, do 22 de outubro, actuando no nome e representación do Instituto Nacional de Estatística, en virtude das atribucións que se lle confiren no artigo 5.2 do Estatuto do Instituto Nacional de Estatística, aprobado mediante Real Decreto 508/2001, do 11 de maio, e de acordo co artigo 48.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E, doutra, Don José Antonio Campo Andión, Director do Instituto Galego de Estatística, nomeado mediante Decreto 295/2009, do 14 de maio, actuando no nome e representación do Instituto Galego de Estatística, en virtude das atribucións que se lle confiren no artigo 15 do Estatuto do Instituto Galego de Estatística, aprobado mediante Decreto 60/2016, do 26 de maio.

Ambas as partes actúan de acordo cos títulos competenciais que en materia estatística lle confire á Administración xeral do Estado o artigo 149.1.31 da Constitución e á Comunidade Autónoma de Galicia o artigo 27.6 da Lei Órgánica 1/1981, do 6 de abril, modificada pola Lei 17/2010, do 16 de xullo, do Estatuto de Autonomía de Galicia.

MANIFESTAN

Que o Instituto Nacional de Estatística (en adiante INE) é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, ao que lle corresponden, entre outras funcións, segundo a Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estadística pública, a de elaborar as operacións estatísticas que se lle encomendan no Plan estatístico nacional.

Que o Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE) é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería de Facenda e Administración Pública, que ten, entre as súas funcións, segundo a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, a de elaborar as estatísticas que se lle encomendan no Plan galego de estadística, así como a de colaborar nas estatísticas de interese estatal ou supraestatal promovidas polos organismos competentes.

Que o INE elabora a Enquisa de Poboación Activa (EPA), recollida no Plan estatístico nacional 2017-2020 co código de operación 7391, tratándose dunha enquisa continua, de periodicidade trimestral, na que a mostra se renova unha sexta parte cada trimestre.

Que o IGE elabora a Enquisa de Poboación Activa (EPA) de Galicia, recollida como operación consolidada no Plan galego de estatística 2017-2021, inventariada co código 2401-03 e programada anualmente co obxectivo de obter as principais características da poboación en relación coa actividade no ámbito de Galicia.

Que, para cubrir os obxetivos que ten encomendados, o IGE precisa dunha ampliación da mostra da EPA na Comunidade Autónoma de Galicia, que permita analizar a poboación en relación coa actividade a nivel provincial, de grandes concellos e de determinados grupos de idade. Por iso, o IGE e o INE subscribiron un convenio no 2008, que se desenvolveu a plena satisfacción das partes e cuxa vixencia rematou en outubro de 2019.

Por todo iso, para seguirmos coa colaboración iniciada no 2008 e evitar duplicidades na EPA no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, atendendo ás necesidades de información do IGE e buscando unha xestión máis eficiente dos recursos das administracións publicas, ambas as partes acordaron establecer o presente convenio, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto formalizar a colaboración entre o INE e o IGE para atender á solicitude deste último de ampliar a mostra da EPA no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. Implantación da ampliación da mostra na Comunidade Autónoma

O INE continuará atendendo a solicitude do IGE mantendo a duplicación da mostra de necesidade nacional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de que o INE modifícase o tamaño mostral da enquisa en Galicia, o incremento do IGE determinarase como a duplicación da mostra nacional.

O incremento formará parte do proceso xeral da enquisa para todos os efectos. En particular, a ampliación integrarase no ficheiro final da EPA, transmitirase a Eurostat para a Enquisa de Forza de Traballo, poñerase, unha vez anonimizada, ao dispor dos usuarios que o soliciten, xa sexan de ámbito internacional, nacional ou autonómico, etc. Tamén se incluírán na mostra ampliada as operacións estatísticas derivadas ou anexas á EPA (módulos ad-hoc, submotra anual, variables que incorporan información administrativa, etc.).

Calquera modificación, metodolóxica ou doutro tipo, que se realice na Enquisa de Forza de Traballo trasladarase automaticamente á EPA, tanto á mostra recollida polo IGE, como á que estea ao cargo do INE.

O intercambio de ficheiros entre ambas as dúas institucións realizarase a través do sistema informático empregado para recoller a enquisa.

Terceira. Compromisos das institucións asinantes

A. Compromisos do IGE:

Utilizar a metodoloxía completa de todas as fases da enquisa definida polo INE en cada momento. A metodoloxía figura na páxina web do INE.

Recoller no ámbito da Comunidade Autónoma só a ampliación da mostra e dispor os medios humanos e materiais necesarios para iso. O INE encargarse de recoller a mostra inicial.

Responsabilizarse de instalar e manter toda a infraestrutura de portátiles, PCs, servidores, instalacións telefónicas, que permitan a inspección mediante escoitas e o resto de elementos necesarios para desenvolver o traballo co sistema de información co que actualmente traballa o INE. Tamén aplicará procedementos idénticos aos do INE na carga de datos previa ás entrevistas e na rotación da mostra.

Asegurar que as CATI se realicen sen interferencias de persoal alleo á recollida desta enquisa. Ademais, realizaranse enquisas en xornada de mañá e tarde.

Nomear entre o seu propio persoal ás persoas inspectoras da enquisa e designar unha representante para actuar como interlocutora co INE.

Encargarse de inspeccionar a recollida e controlar a calidade da información en relación coa ampliación de mostra, de acordo coas directrices xerais da metodoloxía da enquisa.

B. Compromisos do INE:

Proporcionar ao IGE a metodoloxía a utilizar para desenvolver o convenio, así como as novas seccións que integren a ampliación da mostra, no que respecta á súa delimitación.

Autorizar ao IGE o uso do sistema de información que dá soporte á recollida de datos. Calquera modificación que se realice no devandito sistema de información haberá de ser coñecida e aprobada previamente polo INE. A cesión a terceiros tamén deberá ser coñecida e aprobada previamente polo INE.

Realizar periodicamente a selección e envío da mostra de vivendas nas seccións da ampliación, o tratamento da información e a obtención do ficheiro de microdatos da enquisa.

Levar a dirección técnica da operación, que se materializará a través da persoa interlocutora designada polo IGE para ese efecto.

Ocuparse da formación do persoal do IGE que actuará como inspector da enquisa responsable do CAPI e CATI. Actualizar a formación do persoal do IGE ao longo do tempo, coas mesmas accións formativas que as realizadas para o persoal do INE.

Realizar a inspección a nivel central da mostra completa na Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo escoitas de entrevistas do centro CATI.

Cuarta. Promoción da enquisa

O IGE dirixirá á persoas informantes seleccionadas na ampliación da mostra unha carta de promoción da enquisa asinada pola persoa titular da súa Dirección. A tipoloxía da carta coincidirá coa utilizada polo INE. Calquera iniciativa do IGE sobre promoción deberá acordarse previamente co INE.

Quinta. Difusión dos resultados

O IGE poderá difundir os resultados da enquisa no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, obtidos do ficheiro da mostra total que lle proporcione o INE. Dita difusión farase coordinadamente coa do INE, de acordo co seu calendario de

dispoñibilidade das estatísticas conxunturais. O IGE poderá difundir os resultados da Comunidade Autónoma co nivel de desagregación que estime conveniente, sempre que o permitan o tamaño mostral e a calidade dos datos.

O INE difundirá os resultados da enquisa da Comunidade Autónoma ao mesmo nivel que o faga para o resto de España.

En calquera difusión da EPA farase constar a colaboración entre o INE e o IGE no ámbito da Comunidade Autónoma. Os resultados oficiais do INE e o IGE para a EPA na Comunidade Autónoma de Galicia serán os derivados da mostra completa.

Sexta. Segredo estatístico

O INE e o IGE responsabilizaranse de que toda a información obtida na realización desta operación estatística se utilice de xeito que a protección dos datos individuais quede totalmente garantida, estando todo o persoal que participe nela sometido á obriga de preservar o segredo estatístico, así como ás demais restricións que se deriven de aplicar a Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, e a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

Sétima. Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento do convenio, figurando nela como representantes:

Por parte do INE:

- Persoa titular da Subdirección Xeral de Estatísticas do Mercado Laboral
- Persoa titular d Subdirección Xeral Adxunta de Estatísticas do Mercado Laboral

Por parte do IGE:

- Persoa titular da Secretaría Xeral
- Persoa titular da Subdirección Xeral de Produción Estatística

Cualquera discrepancia ou controversia que puidese xurdir na interpretación ou execución do convenio someterase á decisión da comisión técnica de seguimento. En particular, velará pola calidade do proceso, controlando os seus indicadores, como son a taxa de resposta obtida na mostra ampliada, a puntualidade na transmisión da información e a coherencia dos datos. A comisión poderase reunir á petición de calquera das parte, sempre que se estime necesario.

Oitava. Financiamento

As actuacións previstas no presente convenio no xerarán custes nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes asinantes.

Novena. Vixencia do convenio

O presente convenio perfeccionarase co consentimento das partes, resultará eficaz unha vez inscrito no rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación do sector público e publicado no Boletín Oficial do Estado, e manterá a súa vixencia por un período de catro anos, que será prorrogable por acordo expreso das partes por outro período de igual duración. Transcorridos estes oito anos o

convenio quedará extinto e, de querer manter os seus compromisos, será necesario subscribir un novo.

Décima. Modificación do convenio

O presente convenio poderá modificarse por acordo das partes, por proposta de calquera delas e subscribindo a oportuna addenda de modificación, formalizada durante o período de vixencia.

Undécima. Réxime de extinción e resolución do convenio

O presente convenio, de acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a prórroga do mesmo
- O acordo unánime dos asinantes
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou nas leis.

De resolverse o convenio por calquera causa prevista nel ou na lei, a comisión de seguimento fixará o prazo para finalizar as actuacións derivadas do convenio que estean en execución, prazo que será improrrogable.

Duodécima. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos

De non se cumprir as obrigas asumidas por unha das partes, a outra poderalle notificar un requirimento para que cumpra no prazo de 15 días as obrigas e/ou compromisos que se consideren non cumpridos. Este requirimento comunicaráse á comisión de seguimento do convenio. Se, transcorrido este prazo, persistise o non cumprimento, a parte que o dirixiu notificáralle á outra a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

Décimo terceira. Réxime xurídico e xurisdición aplicables

O convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e no título preliminar, capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as restantes normas administrativas que lle sexan aplicables e os principios xerais do dereito.

As controversias sobre interpretación e execución do presente convenio resolveranse no seo da comisión de seguimento e, de non ser posible, será a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa a competente para resolver as cuestións litixiosas que se puidesen suscitar entre as partes, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición.

Décimo cuarta. Publicidade e rexistro

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervintes para que a Administración pública autonómica galega poida facer

ANEXO I

públicos os datos de carácter persoal e calquera outra especificación que figure nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será rexistrado no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

E, para que así conste o acordado, asínase o presente convenio por duplicado

O Presidente do Instituto Nacional de Estatística (22/02/2021)

Juan Manuel Rodríguez Poo

O Director do Instituto Galego de Estatística (22/01/2021)

José Antonio Campo Andión

ANEXO II

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA, O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA ELIMINAR DUPLICIDADES ESTATÍSTICAS NO ÁMBITO DO USO DE TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN NO SECTOR EMPRESAS

REUNIDOS

Dunha parte, Don Juan Manuel Rodríguez Poo, Presidente do Instituto Nacional de Estatística, nomeado mediante Real Decreto 1325/2018, do 22 de outubro, no nome e representación do devandito Instituto, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 5.2 do Estatuto do Instituto Nacional de Estatística, aprobado mediante Real Decreto 508/2001, do 11 de maio, e de acordo co artigo 48.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, Don José Antonio Campo Andión, Director do Instituto Galego de Estatística, nomeado mediante Decreto 295/2009, do 14 de maio, actuando no nome e representación do Instituto Galego de Estatística, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 15 do Estatuto do Instituto Galego de Estatística, aprobado mediante Decreto 60/2016, do 26 de maio, e de acordo co artigo 48.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra, Dona María del Mar Pereira Álvarez, Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 91/2012, do 16 de marzo, publicado no DOG nº 55 do 20 de marzo, no nome e representación da mesma, no exercicio das competencias atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, que desenvolve a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e das competencias e poderes que teñen atribuídos, recoñecendo mutua e recíprocamente capacidade xurídica e de obrar suficientes para subscribir o presente convenio de colaboración e, con ese fin,

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Lei 12/1989, do 9 de maio da función estatística pública establece no artigo 26.r) que ao Instituto Nacional de Estatística (en adiante INE) lle corresponde “celebrar acordos e convenios con outras administracións públicas no tocante ás estatísticas que teñan encomendadas”. Así mesmo, o artigo 41.1 da mesma norma recolle que “os servizos estatísticos das administracións do estado e das comunidades autónomas poderán celebrar convenios relativos ao desenvolvemento de operacións estatísticas cando iso conveña para o perfeccionamento e a eficacia das mesmas, ou para evitar duplicidades e gastos”.

Segundo. Que o Plan Estatístico Nacional 2017-2020, aprobado por Real Decreto 410/2016, do 31 de outubro, lle encomenda ao INE realizar a operación estatística “7561 Enquisa sobre o uso de tecnoloxías da información e as comunicacións e do comercio electrónico nas empresas” e que, por ser esta estatística de interese do

Estado, proporciona información para o conxunto de España e tamén información harmonizada para todas as comunidades autónomas.

Terceiro. Que ao Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE), de conformidade coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estadística de Galicia, lle corresponde coordinar a actividade estatística levada a cabo polas distintas administracións públicas da Comunidade Autónoma, realizar as estatísticas ou as fases delas que se lle asignen nos plans galegos de estatística, así como calquera outra que se lle poida encomendar, ou que se estableza en virtude de convenios de colaboración con outros organismos estatísticos. Igualmente, correspóndelle colaborar nas estatísticas de interese estatal ou supraestatal promovidas polos organismos competentes.

Cuarto.- Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante AMTEGA), de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, lle corresponde xestionar de xeito unificado os instrumentos de política autonómica sobre tecnoloxías da información e comunicación e é responsable de elaborar a operación "4101-02 Sistema de indicadores da sociedade da información", do Plan Galego de Estatística 2017-2021. Que o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, adscribe á AMTEGA o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (en adiante OSIMGA), creado por Decreto 21/2010, do 4 de febreiro, para promover estudos e análises de datos relativos ao sector, e ao que se lle encomenda realizar, no marco da operación citada, unha enquisa ás empresas sobre a sociedade da información en Galicia.

Quinto. Que, por todo o anterior, as tres institucións, coa finalidade de xuntar esforzos establecendo en cada momento as fórmulas de cooperación que podan resultar máis idóneas para aproveitar ao máximo as informacións dispoñibles e evitar a duplicidade na recollida de datos das estatísticas no ámbito do uso de tecnoloxías de información no sector das empresas, co conseguinte aforro de custos, diminución da carga estatística das empresas e coherencia nos resultados finais, e no marco do principio xeral de cooperación que debe presidir as relacións entre as institucións públicas, acordaron subscribir o presente convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio de colaboración ten por obxecto formalizar as actuacións ás que se comprometen as institucións asinantes, coa finalidade de eliminar duplicidades estatísticas entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito do uso de tecnoloxías de información no sector empresas.

Segunda. Compromisos das partes

O INE comprométese a facilitarlle ao IGE, anualmente e o mesmo día da publicación da información, os microdatos da "Enquisa sobre o uso de tecnoloxías da información e as comunicacións e do comercio electrónico nas empresas (TICCE)", daquelas empresas da mostra que teñan sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

No tocante aos microdatos de empresas con establecementos en Galicia pero con sede social fóra desta comunidade, remitiranse na maior brevidade posible cun prazo máximo de quince días logo da súa publicación. Una vez automatizado este proceso, o INE poderá ir reducindo os prazos.

O IGE e a AMTEGA comprométense a non realizar ningunha operación estatística de carácter xeral no ámbito do uso das tecnoloxías nas empresas, sempre que supoña duplicidade estatística entre o Estado e a Comunidade Autónoma e, en particular, a "Enquisa a empresas sobre a sociedade da información en Galicia".

Nun prazo non superior a trinta días, a contar desde que o INE subministra os microdatos da enquisa relativos ás empresas sediadas en Galicia, o IGE comprométese a proporcionarlle ao OSIMGA as explotacións que precise para cumprir o seus fins.

O IGE comprométese a utilizar a información cedida polo INE única e exclusivamente para realizar explotacións e estudos estatísticos, excluindo calquera outro uso e, en particular, o administrativo. Así mesmo, comprométese a non realizar cesión algunha a terceiros da información confidencial recibida.

Terceira. Publicacións

Nas publicacións que realice o IGE ou o OSIMGA sobre a información obtida a partir dos ficheiros cedidos polo INE, farase constar que a fonte é o INE e que a súa obtención é resultado do convenio subscrito entre as tres institucións.

Así mesmo, tanto o IGE como o OSIMGA comprométense a que os resultados que publiquen para as principais variables da enquisa que coincidan con desagregacións de información que difunde o INE sexan iguais, sen prexuízo de que ambas institucións podan difundir outros resultados cun maior nivel de desagregación do empregado polo INE.

De utilizarse variables derivadas distintas das empregadas polo INE, evitarase na difusión da información o emprego de nomes que podan causar confusión cos utilizados polo INE.

Cuarta. Segredo estatístico

O IGE responsabilizarase de que a información se utilice garantindo a protección dos datos individuais, quedando obrigadas todas as persoas que teñan acceso aos mesmos ou ás súas explotacións a preservar o segredo estatístico e a cumprir coas restantes esixencias establecidas na Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública e na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

Qunta. Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento do convenio, cos representantes:

Por parte do Instituto Nacional de Estatística:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Estatísticas de Turismo e Ciencia e Tecnoloxía
- A persoa titular do Departamento de Control da Producción Estatística e Mostraxe

- A persoa titular da Unidade de Apoio á Dirección Xeral de Coordinación Estatística e de Estatísticas Laborais e de Prezos

Por parte do Instituto Galego de Estatística:

- A persoa titular da Subdirección de Produción Estatística
- A persoa titular do Servizo de Estatísticas de Empresas

Por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia:

- A persoa titular da Dirección da Área de Sociedade Dixital
- A persoa titular da Xefatura de Departamento de Sociedade da Información

A comisión de seguimento terá como funcións seguir tecnicamente a execución do convenio, controlar o cumprimento de todas as súas cláusulas e resolver calquera discrepancia ou controversia que puidera xurdir na interpretación e execución das mesmas.

Sexta. Financiamento

As actuacións que están previstas no presente convenio de colaboración non xerarán custe algún, nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes asinantes.

Sétima. Vixencia do convenio

O presente convenio de colaboración perfeccionarase co consentimento das partes, resultará eficaz unha vez inscrito no registro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación do sector público e publicado no Boletín Oficial do Estado, e manterá a súa vixencia durante un período de catro anos, que será prorrogable por acordo expreso das partes asinantes por outro período de igual duración.

Transcorridos estes oito anos, o convenio de colaboración quedará extinto e, no caso de que se quixese seguir cos compromisos do mesmo, será necesario subscribir un novo.

Oitava. Modificación do convenio

O presente convenio poderá modificarse por acordo das partes, por proposta de calquera delas, subscribindo a oportuna addenda de modificación, formalizada durante o período de vixencia.

Novena. Réxime de extinción e resolución do convenio

O presente convenio de colaboración, de acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer nalgunha causa de resolución:

- O transcurso do seu prazo de vixencia, sen haberse acordado a prórroga do mesmo
- O acordo unánime dos asinantes
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera das partes asinantes

- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- Calquera outra causa distinta das anteriores e prevista no convenio de colaboración ou nas leis

De resolverse o convenio de colaboración por calquera das causas previstas no mesmo ou nas leis, a comisión de seguimento fixará o prazo para que finalicen as actuacións derivadas do mesmo que estean en execución, prazo que en ningún caso será prorrogable.

Décima. Incumplimiento das obrigas e compromisos asumidos

No caso de que calquera das partes asinantes do presente convenio incumpra as obrigas e compromisos asumidos, poderá ser requerida por outra ou outras partes para que, no prazo que se determine na comisión de seguimento, cumpra coas obrigas e compromisos pendentes.

Se, transcorrido o prazo persistira o incumplimento, a parte ou partes que dirixiron o requerimento notificarán á parte incumplidora a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

Undécima. Réximen xurídico e xurisdicción aplicables

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexirase polo disposto nas cláusulas do mesmo, no título preliminar, capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas restantes normas administrativas que lle sexan de aplicación e nos principios xerais do dereito.

As controversias sobre interpretación e execución do presente convenio serán resoltas no seo da comisión de seguimento e, de non ser posible, será a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa a competente para resolver as cuestións litixiosas que se puideran suscitar entre as partes, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción.

Duodécima. Publicidade e rexistro de convenios

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervincentes para que a Administración autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outra especificación que figure nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O convenio de colaboración inscribirase no rexistro de convenios da Xunta de Galicia nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade, asinan o presente convenio

O Presidente do INE (26/02/2021)

Juan Manuel Rodríguez Poo

O Director do IGE

José Antonio Campo Andión (25/02/2021)

ANEXO II

A Directora da AMTEGA

María del Mar Pereira Álvarez (25/02/2021)

ANEXO III

CONVENIO ENTRE A TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, O INSTITUTO SOCIAL DA MARIÑA E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN MATERIA ESTATÍSTICA

REUNIDOS

Dunha parte, a Tesoureira Xeral da Seguridade Social, representada polo Sr. Director Xeral da Tesourería Xeral da Seguridade Social, Don Andrés Harto Martínez, nomeado por Real Decreto 132/2020, do 21 de xaneiro (BOE do 22 de xaneiro), en virtude das atribucións previstas no artigo 48.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP), en función do seu cargo e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 3 do Real Decreto 1314/1984, do 20 de xuño.

Doutra parte, o Instituto Social da Mariña, representado pola Sra. Subdirectora Xeral da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, Dona Elena Martínez Carques, actuando no nome e representación do Instituto, por vacante do Director, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 7.2 do Real Decreto 504/2011, do 8 de abril, de estrutura orgánica e funcións do Instituto Social da Mariña, e de acordo, así mesmo, co sinalado no artigo 48.2 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Doutra parte, o Instituto Galego de Estatística, representado polo seu titular, Don José Antonio Campo Andiñ, nomeado mediante Decreto 295/2009, do 14 de maio (DOG do 15 de maio), en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 41 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, e de acordo, así mesmo, co sinalado no artigo 15 do Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.

As partes recoñécense con capacidade suficiente para subscribir o presente convenio e para ese efecto,

EXPOÑEN

I. Fundamentos de competencia na materia

Que o Real Decreto 1314/1984, do 20 de xuño, polo que se regula a estrutura e competencias da Tesourería Xeral da Seguridade Social (en adiante TXSS), atribúe no seu artigo 1.1.a) as competencias en materia de inscrición de empresas e afiliación, altas e baixas dos traballadores, materia regulamentada posteriormente polo artigo 3 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas e baixas e variacións de datos dos traballadores na Seguridade Social, aprobado por Real Decreto 84/1996, do 26 de xaneiro. A tales efectos, en virtude do establecido no artigo 52.2.apdo.1.b) do citado regulamento, correspóndelle á TXSS manter un rexistro de traballadores coa correspondente identificación de cada réxime do sistema de Seguridade Social, así como dos beneficiarios e demais persoas suxeitas á obriga de cotizar. Dito rexistro está integrado no ficheiro xeral de afiliacións, cuxa titularidade ostenta este servizo común da Seguridade Social. Así mesmo, o citado Real Decreto 1314/1984, do 20 de xuño, tamén atribúe á TXSS no seu artigo 1.1.b) as competencias en materia de xestión e control da cotización e da recadación das cotas e demais recursos de financiamento do sistema da Seguridade Social.

O Real Decreto 504/2011, do 8 de abril, de estrutura orgánica e funcións do Instituto Social da Mariña (en adiante ISM), atribúe no seu artigo 3.1.a) ao citado Instituto xestionar, administrar e recoñecer o dereito ás prestacións do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, así como inscribir empresas, altas e baixas dos traballadores acollidos ao devandito réxime especial. Do mesmo xeito, a Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras no sector marítimo-pesqueiro, no seu artigo 42 outorga ao ISM unha dobre dimensión de competencias: como organismo encargado da atención social do sector marítimo-pesqueiro e como entidade xestora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar. Ademais, no artigo 43, sinala que o ISM actuará como entidade colaboradora da TXSS na xestión da cotización e recadación no período voluntario.

A Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia atribúe, no seu artigo 39, a competencia en materia de estatística ao Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE), ao que lle corresponde dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito competencial da Comunidade Autónoma, así como coordinar as solicitudes en materia estatística das distintas consellerías respecto doutras institucións ou organismos da administración xeral do Estado. O IGE, como órgano competente en materia estatística, é o responsable de realizar a proposta de fórmulas de colaboración con outras administracións públicas para unha óptima realización dos traballos estatísticos competencia da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, para cuxo desenvolvemento necesita acceder á información contida nas bases de datos da TXSS, mediante a cesión de datos por parte do devandito servicio común.

II. Normas que amparan e xustifican a subscripción

Toda esta cesión de información baséase nas seguintes disposicións:

- 1) O artigo 25 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o tratamento de datos no ámbito da función estatística pública.
 1. O tratamento de datos persoais realizado polos organismos que teñan atribuídas as competencias relacionadas co exercicio da función estatística pública someterase ao disposto na súa lexislación específica, así como no Regulamento (UE) 2016/679 e na presente lei orgánica.
 2. A comunicación dos datos aos órganos competentes en materia estatística só se entenderá amparada no artigo 6.1.e) do Regulamento (UE) 2016/679 nos casos nos que a estatística para a que se requira a información veña esixida por unha norma de dereito da Unión Europea, ou se atope incluída nos instrumentos de programación estatística legalmente previstos. De conformidade co disposto no artigo 11.2 da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, serán de achega estritamente voluntaria e, en consecuencia, só se poderán recoller previo consentimento expreso dos afectados os datos aos que se refiren os artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) 2016/679.

3. Os organismos competentes para exercer a función estatística pública poderán denegar as solicitudes de exercicio polos afectados dos dereitos establecidos nos artigos 15 ao 22 do Regulamento (UE) 2016/679, cando os datos se atopen amparados polas garantías do segredo estatístico previstas nas lexislacións estatal ou autonómica.
- 2) A Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, recolle no seu artigo 15 que "a comunicación aos efectos estatísticos entre as administracións e organismos públicos dos datos persoais protexidos polo segredo estatístico só será posible de darse os seguintes requisitos, que terán de ser comprobados polo servizo ou órgano que os teña en custodia:
 - a) Que os servizos que reciban os datos desenvolvan funcións fundamentalmente estatísticas e fosen regulados como tales antes de que os datos sexan cedidos.
 - b) Que o destino dos datos sexa precisamente elaborar as estatísticas que os devanditos servizos teñan encomendadas.
 - c) Que os servizos destinatarios da información dispoñan dos medios necesarios para preservar o segredo estatístico."
- 3) O artigo.10.4.c) do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, mentres non se contradiga, se opoña, ou resulte incompatible co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e na Lei Orgánica 3/2018 xa citada.
- 4) O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado mediante Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, outorga á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre a estatística para os fins que lle son propios. Igualmente, a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, regula a elaboración dos seus plans estatísticos, sendo estes a referencia para elaborar os programas anuais de estatística. Os traballos e estudos estatísticos para os que se require e se van usar os datos obxecto de cesión atópanse incluídos nas operacións e actividades estatísticas 0004-02 Panorama dos sete grandes concellos, 0004-03 Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1km² e 2401-10 Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada, que se dispoñen nos programas estatísticos anuais integrados nas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para cuxa realización resulta imprescindible a información contida nos ficheiros e bases de datos en materia de inscrición de empresas, afiliación, cotización e recadación, competencia da TXSS.
- 5) Trátase dunha cesión de información e dunha colaboración cuxo amparo atópase na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que establece no seu artigo 3.1.k) que os principios que han de presidir as relacións entre as administracións públicas son os de cooperación, colaboración e coordinación.
- 6) Así mesmo, e de acordo coa letra c) do artigo 141.1 da Lei 40/2015, por aplicación do deber de colaboración das administracións públicas despréndese a obriga de

“facilitar ás outras administracións a información que precisen sobre a actividade que desenvolvan no exercicio das súas propias competencias”.

- 7) No mesmo texto legal, no artigo 155, apartado 2 (modificado polo Real Decreto-lei 14/2019, do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións) sinálase que: “2. En ningún caso se poderá proceder ao tratamento posterior dos datos para fins incompatibles co fin para o que se recolleron inicialmente os datos persoais. De acordo co previsto no artigo 5.1.b) do Regulamento (UE) 2016/679, non se considerará incompatible cos fins iniciais o tratamento posterior dos datos persoais con fins de arquivo en interese público, con fins de investigación científica e histórica, ou con fins estatísticos”.

III. Finalidade

Os representantes de ambas partes consideran necesario para cumprir os seus respectivos fins establecer un sistema estable e periódico de intercambio de información para aproveitar con fins estatísticos a información contida nos ficheiros e bases de datos en materia de inscrición de empresas, afiliación, cotización e recadación, competencia da TXSS.

No tocante ao soporte para subministrar datos, estarase ao establecido no artigo 44 da LRXSP, relativo ao intercambio electrónico de datos en contornas pechadas de comunicacións establecidas entre administracións públicas, garantíndose en todo caso a seguridade da contorna pechada e a protección dos datos que se transmitan.

En consecuencia, dentro do espírito de mutua colaboración para cumprir os fins públicos, os representantes das partes acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMERA: OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco estable de colaboración en relación co contido, as condicións e os procedementos polos que se debe rexer o aproveitamento con fins estatísticos por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, que asina o presente convenio, da información contida nos ficheiros e bases de datos en materia de inscrición de empresas, afiliación, cotización e recadación competencia da TXSS.

O ISM, como entidade xestora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e como organismo responsable da inscrición de empresas, altas, baixas e variacións de datos dos traballadores incluídos no mesmo, así como da cotización, admite que os datos incluídos nos ficheiros e bases de datos en relación ás devanditas materias competencia da TXSS referentes a ditos traballadores ou empresas sexan subministrados pola TXSS ao mesmo cesionario que o descrito no parágrafo anterior.

A cesión de información procedente da TXSS ten como finalidade exclusiva a súa utilización pola Comunidade Autónoma aos efectos estatísticos, circunstancia que se deberá xustificar polo organismo ou a institución cesionario, achegando a

documentación ou ligazóns onde consten as explotacións estatísticas obtidas cos datos fornecidos.

De xeito concreto, a información que precisa a Comunidade Autónoma de Galicia que procede de ficheiros e bases de datos en materia de inscrición de empresas, afiliación, cotización e recadación competencia da TXSS, recibirá directamente da TXSS por mediación da xerencia de informática da Seguridade Social e a través de ferramentas telemáticas, coa periodicidade establecida e que de mutuo acordo determine a comisión mixta de coordinación e seguimento á que se refire a cláusula quinta.

Así mesmo, será obrigatorio citar a fonte (Tesourería Xeral da Seguridade Social-Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións) nas notas metodolóxicas das explotacións estatísticas obtidas cos datos fornecidos.

SEGUNDA: COMPROMISOS DA TXSS E DO ISM

No que respecta á cesión de información á Comunidade Autónoma:

As partes acordarán no seo da comisión mixta de coordinación e seguimento o detalle das variables concretas a ceder requiridas polo órgano estatístico dentro dos datos dispoñibles e sempre que fosen tratados estatisticamente pola TXSS, así como os deseños dos rexistros, a periodicidade do subministro de información, a ferramenta de transmisión e os demais datos relativos á execución do contido do convenio. Todo isto sen que nese caso se requira modificar o convenio por non afectar ao contido esencial do mesmo, salvo acordo unánime entre as partes dentro do seo da comisión mixta de coordinación e seguimento.

Agás que a comisión mixta de coordinación e seguimento acorde outra periodicidade, a TXSS facilitaralle trimestralmente ao órgano estatístico responsable da Comunidade Autónoma de Galicia a información obxecto de intercambio. Deste xeito, a parte cesionaria recibirá os datos directamente da TXSS por mediación da xerencia de informática da Seguridade Social, quen llos facilitará a través das ferramentas telemáticas e coa periodicidade que, de mutuo acordo, considere axeitada a comisión mixta de coordinación e seguimento.

En aplicación do artigo 25.2 da Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos, cando a información verse sobre categorías especiais de datos persoais ofrecerase debidamente anonimizada, empregando técnicas de enmascaramento ou disociación, para garantir a non identificación das persoas ás que se refire, xa que, por se tratar de datos especialmente sensibles, necesitan do consentimento expreso das persoas interesadas para a súa cesión a terceiros. Esta norma remite á súa vez aos artigos 9 e 10 do Regulamento da Unión Europea 2016/679, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas, no que se refire ao tratamento de datos persoais.

TERCEIRA: COMPROMISOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O IGE asume que toda a información estatística que reciba da TXSS instruméntase a través deste convenio e, por iso, atenderá todas as peticións estatísticas que calquera institución ou órgano da Comunidade Autónoma realice y que afecten aos

datos comprendidos nos ficheiros e bases de datos en materia de inscrición de empresas, afiliación, cotización e recadación competencia da TXSS, así como as futuras necesidades estatísticas, actuando como canle única para a obter a información necesaria, garantindo a confidencialidade da información que proporcione e o seu uso exclusivo con fins estatísticos.

A Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, establece na apartado primeiro do seu artigo 13 que "serán obxecto de protección e quedarán amparados polo segredo estatístico os datos persoais que obteñan os servizos estatísticos, tanto directamente dos informantes, como a través de fontes administrativas". De igual xeito, o apartado terceiro do mencionado artigo sinala que "o segredo estatístico obriga aos servizos estatísticos a non difundir en ningún caso os datos persoais calquera que sexa a súa orixe". Esta cuestión atópase regulada igualmente nos artigos 24 a 28 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

Polo tanto, toda institución u órgano da Comunidade Autónoma que requira información estatística sobre datos incluídos nos ficheiros e bases de datos en materia de inscrición de empresas, afiliación, cotización e recadación competencia da TXSS, deberá solicitala ao IGE e non á TXSS, responsabilizándose polo tanto o IGE da procedencia, viabilidade, legalidade e consecuencias que supón cada nova petición e explotación posterior.

A Comunidade Autónoma de Galicia notificará á TXSS os estudos estatísticos que realice con ditos datos, co gallo de que a Seguridade Social poida coñecelos e, no seu caso, utilízalos.

O acceso aos datos proporcionados á Comunidade Autónoma de Galicia efectuarase polo Director do IGE, que se deberá identificar mediante un certificado de usuario da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, ou mediante un certificado dixital autorizado pola GISS para recibir os datos.

O IGE asume que a cesión de datos límitase aos fins exclusivos especificados no presente convenio e que o seu destino será precisamente elaborar as estatísticas que ditos servizos teñan encomendadas, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 12/1989, polo que calquera outro uso que se faga dos datos constituirá un incumprimento do convenio asinado, que facultará á TXSS para esixir as responsabilidades oportunas. Esta cuestión atópase regulada igualmente no artigo 17 da Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021.

O IGE será garante fronte á TGSS e fronte a terceiros de calquera reclamación derivada do uso indebido que se faga polos seus usuarios dos datos cedidos, eximindo á TGSS de calquera responsabilidade a este respecto. A TGSS poderá repetir contra a Comunidade Autónoma de Galicia por calquera indemnización que deba satisfacer derivada do devandito incumprimento.

É posible a cesión entre administracións públicas de datos con finalidades estatísticas, sen que iso quebrante o segredo estatístico, sendo o IGE quen se responsabilizará, establecendo os controis necesarios, de que a información se

utilice de xeito que a protección de datos persoais quede totalmente garantida, nos termos establecidos no artigo 13 da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, e nos artigos 24 a 28 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

O IGE encargárase de todos os procesos necesarios para incorporar a información cedida pola XSS aos seus rexistros, aos efectos de depurar e cubrir a información dispoñible doutras fontes e, no seu caso, da súa utilización directa para realizar explotacións estatísticas, de acordo cos seus propios deseños.

O IGE poderá utilizar a información para realizar os estudos que estime convenientes, sempre tendo en conta que os datos oficiais serán os que figuren nas operacións estatísticas incluídas no Plan Estatístico Nacional no ámbito do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

CUARTA: FINANCIAMENTO

As actuacións previstas no presente convenio non xerarán custos, nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes asinantes.

QUINTA: ÓRGANO DE SEGUIMIENTO E CONTROL. COMISIÓN MIXTA

Co fin de coordinar as actividades necesarias para executar o presente convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión, seguimento e control, crearase unha comisión mixta de coordinación e seguimento, composta por seis membros: dous designados pola persoa titular da Dirección Xeral da Tesourería Xeral da Seguridade Social, un do ámbito de xestión e outro do ámbito estatístico, un terceiro designado pola persoa titular da Dirección do Instituto Social da Mariña; e outros tres designados pola Comunidade Autónoma cesionaria. Os seus acordos requirirán o voto favorable de todos os representantes. Así mesmo, poderase incorporar, con dereito a voz, calquera outro persoal ao servizo da administración pública que se considere necesario.

Será competencia da comisión mixta de coordinación e seguimento establecer os procedementos máis eficaces que posibiliten o intercambio de información previsto neste convenio. A tal fin, promoverá a supresión dos impedimentos técnicos que impidan o inmediato intercambio e colaboración.

En concreto, á comisión mixta de coordinación e seguimento encoméndanselle as seguintes funcións:

- a) Acordar os datos concretos referidos ás materias de inscrición de empresas, afiliación, cotización e recadación, así como os detalles relativos ao deseño dos rexistros, de acordo co disposto na cláusula segunda. Acordos que non suporán unha modificación do contido esencial do convenio e que requirirán para a súa adopción o acordo unánime entre as partes.
- b) Coordinar as actuacións necesarias para a correcta execución do presente convenio, establecendo, en particular, os procedementos de intercambio de información máis eficaces, así como as medidas que garantan a protección dos datos fornecidos e as variacións que poidan experimentar, tanto na periodicidade, como na ferramenta de transmisión para subministrar os datos.

- c) Adoptar as medidas de control pertinentes para asegurar a debida custodia e a correcta utilización da información recibida.
- d) Resolver as dúbidas e controversias que poidan xurdir na interpretación e execución do presente convenio.
- e) Establecer os criterios adecuados para regular os aspectos non desenvolvidos neste convenio.

No seo da comisión mixta poderanse constituír grupos de traballo específicos para facilitarlle a realización das súas funcións.

A comisión mixta de coordinación e seguimento rexerase no non establecido expresamente na presente cláusula sobre funcionamento e réxime xurídico, polo disposto para o funcionamento de órganos colexiados na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A comisión mixta de coordinación e seguimento reunirase a instancia de calquera das partes, sempre que os temas para tratar ou as circunstancias o aconsellen, e para examinar os resultados e incidencias da colaboración realizada. O funcionamento ordinario da comisión realizarase a distancia, segundo o previsto no artigo 17.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo de que se acorde a convocatoria de sesións presenciais, cando o solicite algún outro membro da comisión.

As controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio serán resoltas pola comisión mixta de coordinación e seguimento.

SEXTA: DURACIÓN, MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN

1. O presente convenio perfecciónase desde o momento da súa sinatura por todas as partes, tendo unha vixencia de 4 anos unha vez inscrito no Rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación do sector público estatal. Así mesmo, será publicado no Boletín Oficial do Estado, de conformidade co disposto no artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, podendo prorrogarse antes do seu termo por acordo unánime dos asinantes e por un período de ata catro anos adicionais. O contido do presente convenio poderase actualizar ou modificar por acordo unánime dos asinantes no seo da comisión mixta de coordinación e seguimento. Esta comisión propondrá ás partes as actualizacións ou modificacións propostas, e serán os suxeitos asinantes quen subscribirán o acordo correspondente, que se deberá formalizar mediante addenda, conforme aos requisitos legalmente establecidos e previa a autorización prevista no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
2. Con todo, polo que se refire á subministración de información regulada neste convenio, o ente titular dos ficheiros ou bases de datos en materia de inscrición de empresas, afiliación, cotización e recadación poderá acordar a suspensión unilateral ou a limitación dos intercambios cando advirta incumprimentos da obriga de sxiilo por parte das autoridades, funcionarios ou resto de persoal da parte cesionaria, anomalías ou irregularidades no uso da información ou no

régime de control, ou incumprimentos dos principios e regras que deben presidir a subministración de información, de acordo co previsto neste convenio.

3. Con carácter previo á devandita suspensión unilateral ou limitación dos accesos, deberase convocar, cunha antelación mínima de 48 horas, a comisión mixta de coordinación e seguimento, en cuxo seo se informará dos incumprimentos da obriga de sxiilo, ou das anomalías ou irregularidades advertidas no uso da información.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución. Este convenio quedará resolto nos seguintes supostos:

- Polo transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- Por acordo unánime de todos os asinantes.
- Por imposibilidade xustificada de realizar o obxecto do convenio.
- Por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos en virtude deste convenio por unha das partes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte non cumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de quince días coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento comunicaráse á comisión mixta de coordinación e seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás demais partes asinantes a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio. A TXSS poderá esixir á Comunidade Autónoma a indemnización por danos e prexuízos que legalmente lle corresponda, atendendo, a estes efectos, ás consecuencias que devanditos incumprimentos causasen, fixándose como criterio para determinar a posible indemnización o dano económico causado unha vez estea debidamente cuantificado.
- Pola denuncia de calquera dos asinantes. Esta denuncia realizarase por escrito, expresando as causas que a motivan e notificarase á outra parte cunha antelación mínima de tres meses, de xeito que se poidan finalizar adecuadamente as actuacións en curso no momento da citada notificación, e nos termos establecidos no artigo 52.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista noutras leis.

A Comunidade Autónoma será responsable fronte á TXSS e fronte a terceiros de calquera reclamación derivada do uso indebido que se faga polos usuarios dos datos cedidos, eximindo á TXSS de calquera responsabilidade a este respecto. A TXSS poderá repetir contra a Comunidade Autónoma por calquera indemnización que deba satisfacer derivada do devandito incumprimento.

SÉTIMA: RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter interadministrativo e réxese polo disposto nos artigos 47 ao 53 do capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En defecto de acordo no seo da comisión mixta de coordinación e seguimento, as cuestións litixiosas que puideran continuar sobre a interpretación e execución do convenio serán resoltas conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, con expresa submisión das partes á devandita xurisdición en caso de conflito.

En proba de conformidade, as partes implicadas asinan o presente documento, por vía electrónica, o 1 de marzo de 2021.

O Director Xeral da Tesourería Xeral da Seguridade Social
Andrés Harto Martínez

O Director do Instituto Social da Mariña
P.V. A Subdirectora Xeral da Seguridade Social dos Traballadores do Mar
Elena Martínez Carques

O Director do Instituto Galego de Estatística
José Antonio Campo Andión

ANEXO IV

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DE ESTUDANTES DAS TITULACIÓNS DA FACULTADE DE MATEMÁTICAS

REÚNENSE

Dunha parte, Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado por Decreto 57/2018, do 31 de maio, de acordo coas competencias que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

E, doutra, José Antonio Campo Andión, Director do Instituto Galego de Estatística (IGE), nomeado por Decreto 295/2009, de acordo coas competencias que lle outorgan a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do IGE.

Tódalas partes recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para formalizar o presente convenio e,

EXPOÑEN

Que consideran de interese achegar os ámbitos académico e laboral para facilitar a futura inserción no mercado de traballo dos estudantes universitarios.

Que a competencia para levar a cabo as actuacións contempladas no convenio fundaméntase na seguinte normativa:

1. Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o estatuto do estudante universitario, no que se recolle o seu dereito a poder realizar prácticas en entidades externas.
2. Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudante universitario, no que se establece que se poderán realizar en entidades externas públicas e privadas.
3. Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do IGE, no que se regulan os seus plans anuais de actuación, que contemplan as prácticas de estudantes universitarios dentro do apartado de cursos, seminarios e outras actividades formativas.

Que, en consecuencia, acordan formalizar o presente convenio coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

As partes asinantes acordan establecer un programa de prácticas externas no IGE co obxecto de mellorar a cualificación profesional dos estudantes universitarios e facilitarlles a inserción no mundo laboral.

Mediante este convenio os estudantes poderán coñecer as técnicas e metodoloxías de traballo empregadas polo IGE e complementar a súa formación teórica.

O contido particular de cada práctica especificarase nun Proxecto formativo, dentro do documento cuxo modelo figura como anexo I do convenio.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS DA USC

A selección dos estudantes será competencia da USC, así como a organización dos apoios teórico e práctico que se precisen para desenvolver as prácticas.

A USC designará unha persoa como titora académica encargada de orientar e supervisar a realización das prácticas e de emitir o Informe final sobre os resultados acadados polo estudante.

O seguro escolar cubrirá os riscos por enfermidade ou accidente dos estudantes menores de vinte oito anos. Os que superen esa idade deberán formalizar ao matricularse un seguro específico ao seu cargo. A cobertura de riscos derivados da responsabilidade civil do estudante quedará garantida pola USC.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS DO IGE

O IGE acollerá 1 estudante por cada curso académico, cuxa estadía non superará as 150 horas. O estudante realizará tarefas orientadas á aprendizaxe práctica e a súa vinculación co IGE non será, en ningún caso, de natureza laboral, nin poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia dos postos de traballo do IGE.

As prácticas desenvolveranse nos servizos ou unidades administrativas que o IGE poña á disposición do obxecto do convenio.

O IGE designará unha persoa como titora encargada de orientar e supervisar as prácticas, que poderá solicitar á USC o recoñecemento da súa colaboración.

As prácticas incluírán a redacción dunha Memoria por parte do estudante, na que se describirán os traballos desenvolvidos e se valorarán os coñecementos adquiridos.

A persoa titora do IGE elaborará un Informe de prácticas sobre resultados acadados polo estudante, que se porá en coñecemento da designada pola USC como titora académica. Se a avaliación do IGE é favorable, o estudante poderá solicitarlle unha certificación na que constarán a duración das prácticas e as actividades realizadas.

As prácticas adaptaranse aos horarios lectivos, de xeito que o estudante poida cumprir as súas obrigas universitarias académicas, formativas, de representación e de participación. No caso de estudantes con discapacidade, conciliarase a realización das prácticas coas actividades e situacións persoais derivadas desa condición.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN

Créase unha comisión de seguimento e interpretación do convenio integrada polas persoas titulares da Secretaría Xeral do IGE e da Vicerreitoría da USC competente en materia de prácticas académicas externas. A comisión reunirse cando o considere necesario calquera das partes e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento do convenio que xurdan durante a súa execución.

QUINTA. DURACIÓN

O convenio terá unha vixencia de catro anos e comezará a producir efectos a partir do día seguinte ao da súa sinatura. Subsidiariamente, se dita sinatura foxe dixitalizada e non coincidisen as datas da sinatura das partes, tomarase como data de referencia a da derradeira sinatura.

Antes de rematar o prazo previsto e se as circunstancias o aconsellan, as partes poderán acordar por unanimidade a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de catro anos adicionais establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A comisión reunirase cando o considere necesario calquera das partes.

SEXTA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen que se acorde a súa prórroga.
- b) O transcurso do prazo máximo de vixencia, incluído o período de prórroga establecido.
- c) O acordo unánime dos asinantes.
- d) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- e) A decisión xudicial declaratoria da súa nulidade.

Se no momento de resolución do convenio o estudante estivese realizando as prácticas, poderá continualas ata o remate das mesmas.

SÉTIMA. NORMAS DE APLICACIÓN

O convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público e seralle de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

OITAVA. PUBLICIDADE E REXISTRO DE CONVENIOS

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outra especificación que figure nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O convenio será inscrito no rexistro de convenios da Xunta de Galicia nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

NOVENA. PROTECCION DE DATOS

As partes comprométese a cumprir co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, que supón adaptar a normativa española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

O estudante en prácticas que acceda a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea ao IGE dita información, nin a utilizará con finalidades distintas ás esixidas polas accións formativas, obriga que subsistirá logo de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte ao IGE, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa se puideran derivar

perante a Axencia Española de Protección de Datos. A tal efecto, o estudante asinará o documento do anexo II, no que se obriga a cumprir o deber de segredo estatístico regulado na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

DÉCIMA. JURISDICCIÓN

1. O IGE e a USC comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do convenio.
2. As cuestións litixiosas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio serán resoltas en primeira instancia pola comisión de seguimento e interpretación. As que non poida resolver dita comisión someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa.

E, como proba de conformidade, as partes comparecen e asinan o presente convenio na data da última sinatura electrónica.

O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela
Antonio López Díaz (22/03/2021)

O Director do Instituto Galego de Estatística
José Antonio Campo Andión (29/03/2021)

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DE ESTUDANTES DAS TITULACIÓNS DA FACULTADE DE MATEMÁTICAS

CURSO 202.../202...

As persoas que asinan este documento manifestan que leron e aceptan os compromisos establecidos no convenio subscrito pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), para a realización de prácticas académicas externas de estudantes das titulacións da Facultade de Matemáticas, e, de acordo coas súas cláusulas, fan constar a seguinte información:

1. Tipo de prácticas: ☐ Curriculares ☐ Extracurriculares ☐ Traballo fin de grao/fin de máster

2. Estudiante beneficiario:

Nome e apelidos

DNI

O estudante declara cumprir todos os requisitos establecidos no convenio, así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na súa cláusula segunda.

3. Centro de traballo e localidade: Instituto Galego de Estatística. Complexo administrativo de San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela.

4. Persoa titora académica:

Nome e apelidosDNI

5. Persoa titora do IGE:

Nome e apelidosDNI

6. Duración: do (dd/mm/aa) ao (dd/mm/aa); Nº total días: ...; Horas/día:

7. Réxime de permisos: Acordarase entre o estudante e o IGE, que respectará as súas obrigas académicas, formativas, de representación e de participación.

8. Obxectivo educativo: Que o estudante aplique os coñecementos adquiridos durante a súa formación académica, para que acade competencias que lle faciliten o exercicio de actividades profesionais, favorezan a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

9. Proxecto formativo: O proxecto formativo concreto das prácticas académicas externas reflectirase para cada caso neste apartado. Nel teranse en conta os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

10. Avaliación e control: A persoa designada como titora académica, visto o Informe de prácticas do/a titor/a do IGE e a memoria do estudante, emitirá o Informe final de avaliación.

11. Obrigas do estudante:

- Incorporarse ao IGE na data acordada e cumprir o horario previsto.
- Cumpir con dilixencia e boa fe as tarefas encomendadas polo IGE.
- Cumpir e respectar o sistema organizativo do IGE e as súas normas sobre seguridade e prevención de riscos laborais.
- Gardar o debido sigilo respecto dos asuntos que coñeza.
- Elaborar unha Memoria final das prácticas.

12. Información sobre protección de datos:

Entidade: Universidade de Santiago de Compostela

Responsable do tratamento: Secretaría Xeral

Finalidade: Xestión dos procesos de acceso á Universidade, matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión de expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calquera outra actividade incluída na xestión académica administrativa.

Lexitimación: Prestación do servizo público de educación superior (Lei orgánica 6/2001, de Universidades e Lei 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia). No seu caso, consentimento das persoas interesadas.

Persoas destinatarias: Poderanse ceder datos ás administracións públicas con competencias na materia e nos supostos de obrigas legais.

Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir datos, limitar o seu tratamento, oporse ao mesmo e á portabilidade dos datos.

Información adicional: Pódese consultar na política de privacidade e protección de datos aloxada en: <http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/index.html>

Transferencias internacionais: Non se prevén.

O que asinan en Santiago de Compostela, ode de 202.....

A persoa titora académica

Asinado:

A persoa titora do IGE

Asinado:

O/A estudante

Asinado:.....

ANEXO II

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DE ESTUDANTES DAS TITULACIÓNS DA FACULTADE DE MATEMÁTICAS

CURSO: 202.../202...

A Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (LEG) regula o deber do segredo estatístico e establece que:

- Serán obxecto de protección e quedarán amparados polo segredo estatístico todos os datos de persoas físicas e xurídicas.
- O segredo estatístico amparará os datos individuais de orde privada, persoal, familiar, económica ou financeira, utilizados para elaborar estatísticas, que non se poderán facer públicos nin comunicar a ningunha persoa ou entidade.
- O segredo estatístico vulnérase pola comunicación directa de datos e pola comunicación de datos dos que se poida deducir razoablemente información individual.
- As persoas que interveñan nas operacións reguladas pola LEG están obrigadas a manter o segredo estatístico, aínda logo de concluír as súas actividades profesionais e a súa vinculación cos servizos estatísticos.
- O deber de segredo estatístico empeza desde o momento no que se facilita a información por el amparada e ten unha duración de cen anos.
- O incumprimento do deber de segredo estatístico dará lugar ás responsabilidades indemnizadoras dos danos e prexuízos causados, nos termos establecidos no ordenamento xurídico, con independencia das responsabilidades penais e disciplinarias previstas.
- Considérase infracción administrativa moi graves difundir ou comunicar a persoas non autorizadas datos individuais amparados polo segredo estatístico, ou datos dos que se poida deducir información confidencial sobre datos persoais.
- As infraccións graves sancionaranse con multa de 2501 a 10000 euros. Se a persoa infractora obtivese un beneficio económico superior aos 10000 euros, a multa pode chegar ata o dobre do beneficio obtido.
- As sancións administrativas non son obstáculo para esixir responsabilidades aos infractores perante as xurisdicións ordinaria ou contencioso-administrativa.

En virtude do anterior, eu con DNI....., estudante do

como participante no programa de prácticas externas no IGE comprométome a cumprir o deber do segredo estatístico.

Santiago de Compostela, de de

ANEXO V

ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E INNOVACIÓN

REÚNENSE:

Dunha parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 57/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 106, do 5 de xuño de 2018, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. José Antonio Campo Andión, director do Instituto Galego de Estatística, que actúa en nome e representación del en virtude do Decreto 295/2009, do 14 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 94, do 15 de maio de 2009, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Galego de Estatística.

As partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente acordo de prórroga e, para os efectos,

MANIFESTAN:

Primeiro. Mediante convenio de colaboración educativa asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto Galego de Estatística con data de 26 de maio de 2017, acordouse colaborar para a realización de prácticas académicas externas do alumnado do Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación.

Segundo. A cláusula décimo oitava sobre vixencia do convenio establece que o mesmo terá efectos desde a súa sinatura, cunha duración de catro anos, isto é, ata o 26 de maio de 2021.

Terceiro. Dita cláusula tamén establece que, antes de finalizar o prazo de vixencia do convenio, este poderá prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos.

Cuarto. Considerando que é de interese continuar coa colaboración iniciada con base no convenio de colaboración educativa mencionado, ambas as partes estiman que cómpre a súa renovación e acordan a prórroga do devandito convenio por un período de catro anos, con efectos desde a derradeira sinatura da presente prórroga ata o 26 de maio de 2025.

En proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente acordo de rórroga, por duplicado, no lugar e datas que se indican máis abaixo.

En Santiago de Compostela.

Pola Universidade de Santiago de Compostela
Por delegación do Sr. Reitor
(RR do 30-04-2020, DOG do 11-05-2020)
A Vicerreitora de Organización Académica
Dona María Celia Besteiro Rodríguez (21/05/2021)

Polo Instituto Galego de Estatística
O Director
Don José Antonio Campo Andión (24/05/2021)

ANEXO VI

CONVENIO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO A TRAVÉS DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA, AGACAL, EN MATERIA DE ESTATÍSTICA, ANO 2021

Madrid, 6 de setembro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, Don Luís Álvarez-Ossorio Álvarez, Subsecretario de Agricultura, Pesca e Alimentación, en virtude do Real Decreto 91/2020, do 17 de xaneiro, polo que se dispón o seu nomeamento, no nome e representación de dito departamento, consonte ás atribucións delegadas na Orde APA/21/2019, do 10 de xaneiro, de fixación de límites para administrar certos gastos e de delegación de competencias do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, apartado 2, capítulo II, epígrafe1.

Doutra, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu nome Don José Luís Cabarcos Corral, conforme coa Resolución da Consellería do 24 de abril de 2013, de delegación de competencias, actuando no nome e representación da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), adscrita á Consellería do Medio Rural, na súa calidade de director.

Ambas partes recoñécense capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente convenio e, para ese efecto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación actúa conforme ao establecido no artigo 149.1.31.^a da Constitución española, que reserva de forma exclusiva ao Estado a competencia en materia de estatística para fins estatais.

Por outra parte, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva sobre as estatísticas de interese para a Comunidade Autónoma, de conformidade co previsto no artigo 27 do seu Estatuto de Autonomía (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril).

Segundo: Que a Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, cuxo obxecto é regular a función estatística para fins estatais, establece no artigo 41 que os servizos estatísticos das administracións do Estado e das comunidades autónomas poderán celebrar convenios relativos ao desenvolvemento de operacións estatísticas, cando iso conveña para o perfeccionamento e a eficacia das mesmas, ou para evitar duplicidades e gastos. Ditos convenios terán que fixar, cando a debida coordinación o requira, os procedementos técnicos relativos á recollida, tratamento e difusión da información, incluíndo os prazos nos que se han de levar a cabo ditas operacións. No marco dos convenios poderanse establecer fórmulas de participación dos servizos estatais no financiamento de estatísticas para fins estatais ou autonómicos.

Terceiro: Que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Comunidade Autónoma de Galicia mantiveron unha estreita relación de cooperación mediante a sinatura de convenios bilaterais en materia estatística, para levar a cabo, cada ano,

as funcións precisas na recollida de información, gravación e validación dos datos no seu ámbito territorial, para executar o correspondente programa de estatísticas.

Cuarto: Que as partes consideran conveniente subscribir un convenio para harmonizar e poder comparar as estatísticas elaboradas en virtude das súas competencias, así como para establecer unha única fonte de recollida de información, que evite duplicidades, diverxencias e molestias ao informante e que minimize o custo que supón executar o programa estatístico, garantindo o grao suficiente de cobertura, fiabilidade e oportunidade, acordes coas esixencias da normativa nacional e da Unión Europea.

Quinto: Que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, prevé a subscripción de convenios entre dúas ou máis administracións públicas, que poderán incluír o uso de medios, servizos e recursos para exercer as competencias propias ou delegadas. Consecuentemente, as partes están habilitadas para subscribir este convenio interadministrativo, segundo establece o artigo 47.2.a) da devandita lei.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer a acción conxunta das partes asinantes nas materias de estatística agraria, gandeira e da pesca, para levar a cabo durante o ano 2021 as funcións precisas de recollida de información nas explotacións agrarias, establecementos, empresas industriais e mercados de produtos agrarios, así como de gravación e validación da mesma, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, para executar os programas de estatística referidos na cláusula 4 do presente convenio.

Segunda: Actuacións

1. AGACAL, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprométese a realizar as seguintes actuacións:
 - a) As operacións estatísticas precisas para executar o seu programa de estatísticas no exercicio da súa competencia exclusiva sobre as estatísticas para fins da Comunidade Autónoma.
 - b) Realizar durante o ano 2021 as operacións estatísticas acordadas entre ambas partes e a posterior entrega dos resultados obtidos ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co calendario establecido.
 - c) Dispor dos recursos materiais e humanos necesarios, xa sexa de xeito directo ou indirecto, para realizar as operacións estatísticas acordadas.
2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comprométese a realizar as seguintes actuacións:
 - a) Tratar, depurar, integrar e difundir as operacións, en materia de estatística, realizadas pola Comunidade Autónoma, segundo o calendario acordado.

- b) Financiar, segundo o establecido na cláusula terceira, a parte dos traballos que debe realizar a Comunidade Autónoma para realizar o programa de estatísticas.

3. O detalle das actuacións e o orzamento para o 2021 inclúense no anexo.

Terceira: Orzamento, financiamento e forma de pago

O presente convenio será financiado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación con cargo á aplicación orzamentaria 21.01.411M.640.08, dos orzamentos xerais do Estado vixentes no ano 2021.

A contribución máxima do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ascende aos 77.589,44 euros, que se destinarán a executar as operacións estatísticas acordadas polas partes segundo a planificación anual e os calendarios das operacións estatísticas que se acorden.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación abonará á Comunidade Autónoma de Galicia dito importe, por transferencia á conta bancaria códigos: ES07.2080.5540.3831.1000.3773, logo de comprobar os traballos realizados e certificada a conformidade dos mesmos polo Ministerio.

A Comunidade Autónoma achegará os medios materiais e humanos necesarios para realizar as operacións estatísticas acordadas.

Cuarta: Programas de traballo

As operacións estatísticas, así como os traballos concretos que realice a Comunidade Autónoma sobre a base este convenio, serán os asignados no Plan Estatístico Nacional 2021-2024 (PEN) ao Ministerio de Agricultura e Pesca e Alimentación e nas que figure a Comunidade Autónoma como organismo colaborador no Real Decreto 308/2020, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Programa anual 2020 (que estende a súa vixencia ao 2021, segundo se establece na súa disposición transitoria única), así como as operacións necesarias para elaborar as contas económicas rexionais da agricultura, de acordo coa metodoloxía publicada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Estas operacións estatísticas son obrigatorias por responder á regulamentación europea ou como fonte de información necesaria para cumprir cos regulamentos europeos.

A achega dos datos realizarase coa antelación suficiente para poder cumprir cos prazos indicados, tanto na regulamentación europea, como nos calendarios de difusión publicados nos programas anuais referidos no apartado anterior.

Quinta: Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento para avaliar o grao de cumprimento do presente convenio, formada por dous representantes de cada parte. A devandita comisión reunirase, como mínimo, unha vez ao ano e sempre que as necesidades así o requiran. Unha copia da acta, informe ou acordo remitirase aos integrantes da comisión.

Actuará como Presidente de dita comisión o Subdirector Xeral de Análise, Coordinación e Estatística do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ou persoa na que delegue, e como Secretario/a un/ha funcionario/a da Comunidade Autónoma.

As decisións da comisión de seguimento tomaranse por consenso entre as partes.

As persoas representantes da comisión da Comunidade Autónoma serán nomeadas pola persoa titular do órgano competente da mesma.

A comisión de seguimento ocuparase de seguir, vixiar e controlar a execución do convenio e de resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na súa execución.

Sexta: Eficacia e duración

O presente convenio resultará eficaz unha vez rexistrado, no prazo de 5 días hábiles desde a súa formalización, no Rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación do sector público estatal, e terá efectos ata o 31 de decembro de 2021. Así mesmo, será publicado, no prazo de 10 días hábiles desde a súa formalización, no «Boletín Oficial do Estado».

Unha vez en vigor o convenio, a Comunidade Autónoma poderá proceder á súa publicación no seu portal de transparencia. Previamente e con carácter facultativo, poderase publicar no «Diario Oficial de Galicia».

Sétima: Modificación e extinción

O presente convenio poderá ser modificado por acordo das partes, por proposta de calquera delas, subscribindo a oportuna addenda modificativa, formalizada antes da finalización da duración do mesmo.

De acordo co artigo 51.1 da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público, os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Ademais, segundo o apartado 2 do mesmo artigo, serán causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordase a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte non cumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran non cumpridos. Este requirimento seralle comunicado á persoa responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persistira o non cumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

No caso de resolución anticipada do convenio, as actuacións en curso continuarán efectuándose ata a súa completa finalización, nun prazo improrrogable que será fixado polas partes cando se resolva o convenio, pero non se iniciarán novas actuacións.

Oitava: Réxime xurídico e resolución de conflitos ou xurisdición

O presente convenio cumpre o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As controversias que puidesen xurdir sobre a interpretación e execución do presente convenio, que non puidese resolver a comisión de seguimento, serán de coñecemento da xurisdición contenciosa-administrativa, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta orde xurisdiccional.

E, como proba de conformidade, e para a debida constancia de canto queda convindo, as partes asinan o presente convenio, de xeito electrónico.

O Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, P. D. (Orde APA/21/2019, do 10 de xaneiro), o Subsecretario, Luis Álvarez-Ossorio Álvarez

O Conselleiro do Medio Rural, P .D. (Resolución do 24 abril de 2013), o Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, José Luis Cabarcos Corral

ANEXO

Listaxe xeral de operacións estatísticas, características metodolóxicas e orzamento de financiamento do Ministerio

*Convenio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2021*

Nº	Nome	Clase de operación	Obxectivos	Campo de observación	Periodicidade	Desagregación territorial de resultados	Demandantes da súa execución	Orzamento financiamento Ministerio
1	Enquisa anual de superficies e rendementos de cultivos	Poboación e enquisa por mostraxe	Determinar superficies, rendementos e producións dos diferentes cultivos (inclúe froiteiras)	Zonas de maior intensidade de cultivo	Anual	Comunidade autónoma e provincia	Ministerio. Programa 2022 UE	25.999,27
2	Avances mensuais de superficies e producións agrícolas	Elaboración de síntese	Determinar superficies e producións dos cultivos máis representativos	Zonas ocupadas polos principais cultivos	Mensual	Provincia	Ministerio. Programa 2022 UE	1.160,80
3	Estatísticas de superficies e producións anuais de cultivos	Elaboración de síntese	Determinar superficies, rendementos e producións dos diferentes cultivos	Zonas ocupadas polos cultivos	Anual	Provincia e concello	Ministerio. Programa 2022 UE	773,96
4	Estatísticas de efectivos gandeiros (directorios e enquisas)	Constitución de marcos, deseño mostral e realización de enquisas	Determinar efectivos gandeiros segundo tipoloxía definida	Explotacións con bovino, ovino-caprino e porcino	Semestrais e anuais	Concello-estrato de explotacións	Ministerio. Programa 2022 UE	25.426,70

ANEXO VI

5	Estatísticas de producións gandeiras (directorios e enquisas)	Constitución de marcos, deseño mostral e realización de enquisas	Efectivos sacrificados por tipos, produción carne-canal e destino. Outras producións gandeiras	Matadoiros e outros centros	Anual (censo) Mensual (mostra)	Comunidade autónoma e provincia	Ministerio. Programa 2022 UE	1.704,96
6	Avaliación do movemento comercial pecuario	Elaboración de síntese	Cofecer o movemento interprovincial de gando	Explotacións	Anual	Provincial	Ministerio Elaborar contas económicas rexionais da agricultura segundo metodoloxía do Ministerio	170,50
7	Prezos conxunturais de produtos agrícolas e gandeiros	Información estatística de mercado	Obter prezos medios dos produtos agrícolas e gandeiros e tipoloxías máis importantes nos mercados representativos	Produtores, entidades comercializadoras, explotacións agrarias, asociacións en zonas de produción	Diario e semanal (agrícolas) Semanal e mensual (gandeiros)	Zonas de produción e provincias.	Ministerio. Programa 2022 UE	4.633,73
8	Prezos medios nacionais	Información estatística de mercado	Obter prezos medios para diversos produtos agrarios	Produtores, entidades comercializadoras, explotacións agrarias, asociacións en zonas de produción	Semanal	Zonas de produción e provincias.	Ministerio. Programa 2021 UE	4.075,43
9	Estatísticas mensuais e anuais de prezos e salarios agrarios	Enquisas por mostraxe	Obter prezos medios ponderados e calcular índices de percibidos e pagados polos agricultores e salarios (acoutar nº de clases se procede)	Produtores, entidades comercializadoras, explotacións agrarias, asociacións	Mensual e anual	Nacional	Ministerio. Programa 2022 UE	10.426,07
10	Prezos medios anuais das terras de uso agrario	Enquisa por mostraxe	Obter prezos medios das terras de uso agrario por CCAA para diversos tipos de aproveitamento	Provincias e clases de uso dos solos máis representativas	Anual	Comunidade autónoma e provincia	Ministerio. Programa 2022 UE	1.289,02
11	Canons anuais de arrendamentos rústicos	Enquisa por mostraxe	Obter canons de arrendamento medio por CCAA para diversos tipos de aproveitamento	Provincias e clases de uso dos solos máis representativas	Anual	Comunidade autónoma e provincia	Ministerio. Programa 2022 UE	874,72
12	Contas económicas rexionais da agricultura	Elaboración de síntese	Determinar os principais indicadores macroeconómicos da actividade agraria	Estatísticas de contido físico, económico e social	Anual	Nacional e comunidade autónoma	Ministerio. Programa 2022 UE	1.054,28
Total (euros)								77.589,43

Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación: Normativa do departamento e/ou interese xeral. Plan Estatístico Nacional (PEN) 2021-2024, aprobado por Real Decreto 1110/2020, do 15 de decembro, e Programa anual 2020 de desenvolvemento do PEN, aprobado por Real Decreto 308/2020, do 11 de febreiro (prorrogada a súa vixencia para 2021, segundo se establece na súa disposición transitoria única). Normativa da Unión Europea (regulamentos, directivas, decisións).

ANEXO VII

LEI 16/2021, DO 20 DE DECEMBRO, DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2022-2026**Exposición de motivos****I**

O artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galicia recolle a competencia exclusiva da estatística para os fins da Comunidade Autónoma. En aplicación dese artigo, o Parlamento aprobou a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, modificada polas leis 7/1993, do 24 de maio, 10/2001, do 17 de setembro, 16/2006, do 27 de decembro, e 8/2011, do 9 de decembro.

No artigo 6 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, establécese que o Plan galego de estatística é o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia, que será obxecto de aprobación polo Parlamento mediante unha lei e que terá a vixencia establecida nel, ou, no seu defecto, a de catro anos. O artigo 7 da devandita Lei 9/1988, do 19 de xullo, encoméndalle ao Instituto Galego de Estatística a elaboración do Anteproxecto do Plan galego de estatística, que será elevado ao Consello da Xunta para a súa aprobación, logo do informe do Consello Galego de Estatística. A ordenación e a planificación da actividade estatística levaranse a cabo mediante a progresiva constitución do sistema estatístico, entendendo por tal o conxunto ordenado e integrado de métodos, procedementos e resultados dos seus axentes institucionais.

O Parlamento aprobou cinco plans para os períodos 1998-2001, 2002-2006, 2007-2011, 2012-2016 e 2017-2021, nos que se fixaban os obxectivos que se debían concretar nos programas anuais.

Ao se esgotar o quinto plan, procede aprobar un novo para, mediante un sistema de planificación por obxectivos, crear, organizar e difundir o coñecemento estatístico, acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e da cidadanía. Para acadalo, formúlanse obxectivos de tres tipos: informativos, instrumentais e decalidade.

Os primeiros concrétnanse en metas estatísticas para responderen ás necesidades de información da sociedade. A planificación por metas dota o plan da flexibilidade necesaria para se adaptar á realidade cambiante e facilitar a cooperación con outros sistemas estatísticos oficiais, de acordo cos compromisos de coherencia, integración, harmonización e uso eficiente dos recursos públicos. Tamén son obxectivos informativos os vencellados coas liñas de actuación salientables do plan e coa consideración das perspectivas de xénero e idade.

Os obxectivos instrumentais fixan as características que deben ter os procesos para organizar, recoller, elaborar e difundir as estatísticas.

E os de calidade establécense de acordo co Código de conduta das estatísticas europeas, adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo o 16 de novembro de 2017.

A actividade que se realice en desenvolvemento deste plan axustarase aos principios e ás garantías de interese público, obxectividade e corrección técnica, obriga de colaboración, segredo estatístico e difusión de resultados, establecidos no capítulo

III da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, así como ás recomendacións do Código de conduta das estatísticas europeas. Formarán parte desta actividade as tarefas de recompilación, elaboración e ordenación sistemática da información cuantificable, a publicación e a difusión de resultados necesarios ou útiles para o coñecemento cuantitativo, a análise das realidades demográfica, agraria, pesqueira, industrial, comercial, financeira, de servizos, social, cultural e ambiental de Galicia e, en xeral, calquera cuestión referida ás condicións de vida, aos fins e ás competencias da Comunidade Autónoma. Tamén se inclúen nesta categoría as tarefas previas ou complementarias das anteriores que non fosen incluídas dentro delas, as legalmente esixibles ou tecnicamente necesarias para poder acadar os requisitos que establecen as normas estatísticas e mais as de innovación, investigación e desenvolvemento técnico, metodolóxico e normalizador no eido estatístico.

Poderán formar parte deste plan as tarefas de interese para o sistema estatístico que estean conectadas cos retos do Plan estratéxico de Galicia 2021-2030, así como as orientadas a mediren o cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, adoptada pola Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas, para pór fin á pobreza, protexer o medio e mellorar a vida e as perspectivas das persoas.

Visto o anterior, e como consecuencia da experiencia acumulada nos dous últimos plans, cómpre introducir un novo tipo de operación: a explotación estatística do enlazamento de ficheiros de datos estatísticos, administrativos e/ou doutro tipo, e anovar as operacións de síntese, co engadido dos indicadores compostos ou sintéticos.

O sistema estatístico proverá a información para que a cidadanía poida exercer os seus dereitos, orientar a xeración de riqueza e benestar, potenciar a creación de coñecemento e favorecer a toma de decisións. A inclusión na oferta de información estatística dos metadatos necesarios para axudar a comprender o significado dos resultados difundidos contribuirá á consecución destes obxectivos.

II

A lei ten tres títulos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, dúas disposicións derradeiras e tres anexos.

O título I consta dun único capítulo de disposicións xerais, onde se recollen o obxecto da lei, o seu período de aplicación e as principais definicións.

Os títulos II e III correspóndense coas dúas dimensións do plan: a planificación e a ordenación da actividade estatística, respectivamente. O primeiro capítulo do título II agrupa os obxectivos do plan e o segundo establece como se satisfán mediante os programas anuais.

O título III ten catro capítulos sobre os proxectos técnicos e a estatística oficial, a recollida e a cesión de información, a colaboración institucional e o inventario de operacións e actividades estatísticas. Nos anexos figuran a estrutura temática do plan, a relación de metas de información e o inventario inicial de operacións e actividades.

III

No proceso de elaboración desta lei, de acordo co previsto no artigo 46 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, o Consello Galego de Estatística, como órgano consultivo para asegurar a participación dos axentes sociais e a relación entre as persoas usuarias e a administración, emitiu un informe favorable sobre o anteproxecto. A participación cidadá promoveuse tamén mediante o Portal de transparencia e Goberno aberto.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome do rei a Lei do Plan galego de estatística 2022-2026.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. O obxecto desta lei é aprobar o Plan galego de estatística (PGE) 2022-2026, o instrumento de ordenación e planificación da función estatística para os fins da Comunidade Autónoma, ao amparo do artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galicia e da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.
